



XUNTA  
DE GALICIA

COLEXIO EDUCACIÓN  
INFANTIL E PRIMARIA  
PLURILINGÜE DE VITE

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA,  
UNIVERSIDADES E FORMACIÓN  
PROFESIONAL  
MEMORIA FIN CURSO 2023/2024

CEIP PLURILINGÜE DE VITE  
15021883  
Santiago de Compostela



## **1.-INTRODUCCIÓN**

### **1.1.- ALUMNADO**

### **1.2.- PERSOAL DOCENTE**

### **1.3.- PERSOAL NON DOCENTE**

### **1.4.- ESPAZOS E RECURSOS**

## **2.-PLAN E ACTUACIÓN DO EQUIPO DIRECTIVO**

## **3.-OBXECTIVOS ESPECÍFICOS**

## **4.-FUNCIONAMENTO DOS ÓRGANOS COLEXIADOS E DE COORDINACIÓN DOCENTE**

### **4.1.- ÓRGANOS COLEXIADOS**

### **4.2.- ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE**

## **5.- GARDAS**

## **6.- MEMORIAS**

### **6.1.- EQUIPOS**

### **6.2.- DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN**

### **6.3.- PLANS E PROXECTOS**

## **7.-FORMACIÓN**

### **7.1.- DOCENTE**

### **7.2.- ENAPA**

## **8.-ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES ORGANIZADAS POLA ANPA**

## **9.- RESUMO CONTABLE**



## 1.- INTRODUCCIÓN

Esta memoria final é o resultado dun proceso de avaliación interna, dun proceso de análise e de constatación do grao de consecución dos obxectivos propostos na Programación Xeral Anual (PXA) para este curso 2023/2024.

Xurde da reflexión e valoración dos membros da Comunidade Educativa, Claustro e Consello Escolar, sobre o funcionamento interno do Centro, de cada un dos programas e actividades que se levaron a cabo ao longo do curso e dos resultados acadados ao final.

Ao elaborar a memoria final do centro pretendemos:

Dar a coñecer á Comunidade Educativa o funcionamento do Centro e o nivel acadado.

Sinalar os problemas máis importantes do Centro.

Proxectar a acción futura.

Informar á Administración Educativa.

Salientar que durante este curso escolar segundo a *ORDE do 29 de decembro de 2023 pola que se regula o desenvolvemento da avaliación de diagnóstico na Comunidade Autónoma de Galicia* tívose que constituir unha "Comisión de Coordinación da Avaliación de Diagnóstico de 4º de primaria" formada polas seguintes persoas:

Directora do centro, que a presidirá.

Xefa de estudos.

Xefa do Departamento de Orientación.

Titira do nivel de 4º de primaria



## 1.1.- ALUMNADO

Neste ano académico autorizáronse, dende Inspección Educativa, desdobres nos niveis de 1º, 2º, 3º e 6º de Primaria. Isto supuxo traballar con 13 grupos de alumnos e alumnas (3 de Educación Infantil e 10 Primaria) que suman un total de 220 matrículas.

Os 220 discentes distribuídos nos 13 grupos, supoñen un mantemento na matrícula do centro con respecto ao curso anterior.

Salientar que durante o presente curso escolar contamos, entre o alumnado, con 13 nacionalidades distintas da española e, que o alumnado de nova incorporación adaptouse ás rutinas do centro, aos compañeiros, compañeiras e ao profesorado sen grandes dificultades.

## 1.2.- PERSOAL DOCENTE

O Claustro destinado no CEIP Plurilingüe de Vite estivo integrado por 28 docentes dos cales 17 son definitivos no Centro. Entre o profesorado salientar que:

A Directora, mestra de primaria, realizou desdobres con programas de reforzo dos procesos cognitivos e mecanografía ao alumnado de 2º, 3º e 4º de primaria, a través de medios dixitais.

A Secretaria, mestra especialista de Lingua Estranxeira: Inglés, cunha autorización de Consellería de "redución de xornada", ademais de impartir docencia nos grupos de 6º de primaria, realizou funcións de Coordinación dos Programas de Seccións Bilingües e Plurilingüismo.

A Xefa de estudos, mestra especialista en Educación Física, ademais de impartir docencia na etapa de primaria, realizou funcións de Coordinación do Programa de Formación Permente do profesorado e do Proxecta +.

A Orientadora do Centro, a pesar de ter a súa praza na modalidade de "tempo compartido" con outro Centro e debido aos desdobres anteriormente indicados, estivo a tempo completo no CEIP Plurilingüe de Vite. Debemos salientar que



esta circunstancia está a repercutir positivamente no funcionamento do Centro, tanto para o alumnado como para o profesorado e as familias. Tamén realizou funcións de Coordinación dos Programas de Benestar Emocional, Convivencia e Mediación e, Contratos Programa.

A mestra de Relixión Católica impartiu docencia no CEE A Barcia os xoves e venres en horario completo de mañá.

Centro contou cunha docente pertencente ao Programa Acompaña.

En canto ao profesorado, tamén reflectir que Consellería nomeou 14 docentes para cubrir baixas durante distintos períodos ao longo de todo o curso.

No primeiro e segundo trimestre do curso, na etapa de infantil e primaria, 14 alumnas e alumnos da Universidade de Santiago de Compostela (USC) en calidade de alumnado en PRÁCTICUM I e PRÁCTICUM II estiveron formándose no CEIP Plurilingüe de Vite baixo a tutela das respectivas mestras responsables dos grupos, as cales recibiron un CERTIFICADO por exercer como titoras profesionais do alumnado nas prácticas académicas externas curriculares da Facultade de Ciencias da Educación.

### **1.3.- PERSOAL NON DOCENTE**

En canto ao persoal non docente e para cubrir baixas e/ou permisos ao longo de todo o curso, Consellería nomeou a 6 coidadoras e 2 coidadores.

### **1.4.- ESPAZOS E RECURSOS**

Neste apartado salienta que o recinto educativo do CEIP Plurilingüe de Vite necesita ser reformado e acondicionado para rematar de adaptalo ás necesidades da súa Comunidade Educativa e, de acordo coa normativa vixente a este respecto, dotalo dos seguintes espazos e recursos humanos e materiais:

#### **Espazos**

Executar a reforma integral (electricidade, fontanería, carpintería, ventás e persianas, fachada...) que urxe no colexio.

Construír e/ou reformar aseos (mobilidade reducida e características do alumnado e profesorado): na zona de xogo infantil, no patio cuberto, no comedor e, na segunda e terceira planta do edificio escolar.

Reparar desperfectos do valado perimetral e pintalo.

Acondicionar e dotar de estruturas naturais de xogo as zonas verdes e arboradas de lecer.

Reforzar a seguridade nas zonas perigosas do tempo de lecer (escaleiras de acceso á pista exterior e escaleiras de acceso a cancela exterior manual.

### Recursos

#### *Humanos:*

Reforzar o Departamento de Orientación con docentes especialista en Audición e Linguaxe con coñecemento dos SAAC Grid3 e Asterics Grid e Pedagogía Terapéutica con formación práctica en contención.

Dotar de profesorado de atención preferente para o alumnado con NEE.

#### *Materiais:*

Renovar o mobiliario deteriorado de uso diario en biblioteca e aulas.

## 2.- PLAN E ACTUACIÓN DO EQUIPO DIRECTIVO

O plan de actuación do equipo directivo mantívose na liña de actuación fixada na PXA nos seguintes termos:

Garantindo unha xestión transparente, áxil e eficaz do presuposto, dos procesos de información e xestión do persoal e da relación familia-escola.

Fomentando un clima escolar que favoreza o respecto, o esforzo, o traballo en equipo, a participación democrática, a resolución de conflitos así como o desenvolvemento de actuacións que propicien unha formación integral en coñecementos e valores do alumnado.

Consolidando mecanismos de avaliación e análise de resultados.

Poñendo en práctica o Plan de Evacuación do Centro.

Apoiando á ANPA do CEIP Plurilingüe de Vite.

Establecendo mecanismos de axuste nas concrecións curriculares.

Achegando o Centro á Comunidade Educativa.

Participando nos Contratos Programas, Seccións Bilingües e Plurilingüismo, Programa de Auxiliar de Conversa na escola e Proxecto de Fomento do Emprego do Galego.

Impulsando o Plan de Formación Permanente do Profesorado.

Apoiando o desenvolvemento do Proxecto Lector e os Programas educativos.

Adequando o Proxecto Educativo á normativa actual.

Facilitando a integración persoal e profesional do profesorado de nova incorporación.

Procurando a cohesión do CEIP Plurilingüe de Vite coa contorna máis próxima: o noso barrio e a nosa localidade.

### *ASPECTOS A MELLORAR*

Co fin de dinamizar a vida escolar: fomentar a participación, o traballo de colaboración e cooperación, a eficacia e optimización dos recursos.

Seguir delegando nas coordinacións tanto de ciclos e equipos como dos distintos programas e proxectos para favorecer a autonomía das etapas educativas e dos equipos pedagóxicos.

Seguir propiciando e potenciando a participación en novos Proxectos beneficiosos para o Centro propostos pola Consellería tal e como se estableceu no Proxecto de Dirección aprobado polo Claustro e Consello Escolar.

Co fin de seguir mantendo unha eficaz coordinación das diferentes actividades postas en marcha ao longo do curso, manter a canle de comunicación aprobada polo Claustro, que consiste en reunirse os martes de 18:30 a 19:00 horas para poñer aspectos en común.

Retomar as demandas que non foron acadadas durante o actual curso.





### 3.- OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

		TEMPORALIZACIÓN				VALORACIÓN		
		1º trimestre.	2º trimestre.	3º trimestre.	Curso	ACADADO	EN PROCESO	NON ACADADO
<b>I.- DEPENDENTES DAS ADMINISTRACIÓNS</b>								
<b>1</b>	<b>Xestionar melloras no centro: ampliacións, renovacións, dotacións...</b>							
	<b>Consellería:</b>							
	Dotar ao centro dunha rampa de acceso á pista exterior.					X		
	Renovar e acondicionar aseos (mobilidade reducida).							X
	Renovar equipos informáticos					X		
	<b>Concello:</b>							
	Limpeza e mantemento da caldeira.					X		
	Desratización do centro.					X		
	Arranxo de persianas, billas...					X		
	Repintado e reparación de espazos.						X	
	Acondicionamento de zonas verdes e arboradas.						X	
	Acondicionar o chan do aparcadoiro e pintar prazas.							X
<b>II. DEPENDENTES DA XESTIÓN DO CENTRO</b>								
<b>1</b>	<b>Documentos de xestión xeral do centro.</b>							
	Actualizar o PE.						X	
	Informar do Plan de Autoprotección.					X		
<b>2</b>	<b>Impulsar a mellora dos resultados académicos do alumnado.</b>							
	Continuar coa axenda escolar para lembrar tarefas.					X		
	Impulsar a Biblioteca.						X	
	Promover programas de mellora académica na atención do alumnado: procesos cognitivos, habilidades sociais, programas específicos de intervención, habilidades de resolución de conflitos...					X		
	Continuar co proxecto de formación en centro para o profesorado.					X		
<b>3</b>	<b>Potenciar actuacións do DO na aplicación medidas de atención á diversidade.</b>							
	Optimizar recursos humanos para favorecer apoios e programas de intervención.						X	
	Revisar protocolos e pautas de actuación para alumnado con NEAE.						X	
	Establecer un plan de orientación académica para o alumnado de EP, temporalizado e que inclúa ás familias.					X		
<b>4</b>	<b>Promover un plan de actividades extraescolares e complementarias vinculado co currículo.</b>							
	Coordinar o plan de actividades complementarias.					X		
	Apoiar a actividades aglutinadoras: lectura, xogos de mesa, xogos colaborativos...					X		
	Propoñer actividades fin de etapa: convivencia intercentros, convivencia sociocultural...					X		
<b>5</b>	<b>Mellorar a dotación de recursos</b>							
	Impulsar o uso das TICs (EDixgal, aulas virtuais...).					X		
<b>6</b>	<b>Impulsar as relacións coa comunidade educativa e a ANPA en particular.</b>							
	Organizar xornadas de convivencia co IES Arcebispo Xelmírez II.					X		
	Promover a colaboración recíproca co Concello, ANPA e Asociacións da contorna nas actividades que se organicen.					X		
	Manter actualizada a páxina Web do centro.					X		
<b>7</b>	<b>Adoptar medidas conducentes a proporcionar unha educación para a igualdade e a erradicar prexuízos e desigualdades.</b>							
	Implementar no Plan de Convivencia e no NOF o programa de minimizadores e dinamizadores de patio.					X		
<b>8</b>	<b>Mellorar a xestión, buscando unha maior eficacia e transparencia, e velar polo axeitado funcionamento dos servizos complementarios.</b>							
	Mellorar o acceso a información na páxina Web.						X	
	Mellorar o protocolo organizativo en entradas e saídas.					X		

A pesar dos esforzos realizados por alcanzar os obxectivos fixados, algúns deles non fomos quen de logralos polo que quedan pendentes para o vindeiro curso académico.

## **4.- FUNCIONAMENTO DOS ÓRGANOS COLEXIADOS E DOCENTES**

### **4.1.- ÓRGANOS COLEXIADOS**

As reunións do Claustro e do Consello Escolar realizáronse con regularidade e sempre que foron necesarias segundo o calendario establecido a comezo de curso.

A composición do Claustro variou lixeiramente respecto ao número de docentes que corresponden por catálogo debido a circunstancias relacionadas coas características do Centro, os permisos e licenzas autorizadas pola Consellería e varias baixas médicas.

O Consello Escolar non sufriu cambios na súa composición aínda que veuse afectado por diferentes baixas médicas e/ou licenzas concedidas por Consellería.

### **4.2.- ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE**

A comezos de curso o calendario de reunións que se estableceu cumpriuse con carácter xeral:

- Todos os martes de 16:30 a 17:30 horas o profesorado realizou a atención a familias.
- A segunda hora dos martes empregouse para as reunións dos ciclos e etapa de infantil como dos equipos, da Comisión de Coordinación Pedagóxica e do Departamento de Orientación.
- Todos os martes de 18:30 a 19:00 horas empregáronse para poñer en común os aspectos relevantes a notificar polos diferentes órganos de coordinación docente.



## 5.- GARDAS

Realizáronse as gardas diarias de atención ao alumnado transportado nas entradas e nas saídas dende as 09:15 ata as 09:30 e dende as 14:30 ás 14:45 por todo o persoal especialista do centro e a Directora no aparcadoiro e puntos de supervisión establecidos ao tempo que as titorias os esperaron nas súas respectivas aulas.

As gardas do tempo de lecer, segundo as quendas elaboradas ao inicio do curso, foron asumidas por todo o persoal docente do centro.

Os luns, mércores, xoves e venres, de 16:30 a 18:30 horas, realizáronse as gardas de biblioteca do Centro cunha moi baixa asistencia por parte da Comunidade Educativa.

## **6.- MEMORIAS**

### **6.1.- EQUIPOS**

#### **6.1.1- BIBLIOTECA**

##### *DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN. CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS*

Na programación detallábanse as liñas prioritarias de actuación que se pretendían levar a cabo na biblioteca do centro, en canto organización e xestión, promoción dos recursos da biblioteca, formación de usuarios, fomento da lectura, avanzar cara a unha biblioteca inclusiva,... que supoñen unha continuación de propostas iniciadas en cursos anteriores.

Todos os grupos de infantil e primaria dispuxeron dalgunha sesión para asistir á biblioteca e alí realizar actividades relacionadas coa formación de usuarios, animación á lectura e/ou busca e selección de información, ...

Ao longo deste curso un dos obxectivos que dende o equipo de biblioteca queríamos acadar era unha organización espacial dos fondos para facilitar os empréstitos e devolucións e o uso en xeral da biblioteca. Para isto elaboramos diferentes murais e carteis con información referida á CDU. Así mesmo, empezamos coa redistribución de fondos nas diferentes andeis e unha nova distribución dos andeis no espazo da biblioteca. Para isto ademais dos integrantes do equipo de biblioteca contamos coa colaboración dalgún alumnado de 6º de primaria que este curso foron "bibliotecarios en prácticas"

##### *ACTIVIDADES REALIZADAS NO PRIMEIRO TRIMESTRE*

Semana do medo: ambientación da biblioteca en relación á temática do medo e traballo de conxuros e pocións por parte dos diferentes cursos para facer unha representación final.

O tipo de texto que traballamos apócemas que ten un formato moi parecido as recetas, e os conxuros que son similares a pequenos pareados ou poemas.

Revista O Papagaio: estamos subscritos á revista "O Papagaio".

### *ACTIVIDADES REALIZADAS NO SEGUNDO TRIMESTRE*

Mochilas viaxeiras: reparto de mochilas con lecturas de diferentes xéneros para que o alumnado comparta en familia cunha duración dunha semana.

Día de Rosalía: traballamos a “liña da vida” de Rosalía de Castro, onde cada curso aportou datos sobre un momento da vida de Rosalía que logo compartiu cos demais nunha montaxe na cortiza da entrada. O tipo de texto que se traballou foi a biografía.

Semana da prensa: xuntamos esta celebración co Día da Muller e xunto co equipo de actividades extraescolares propúxose que cada curso elaborara un artigo de prensa que falara dunha muller destacada en diferentes ámbitos. O tipo de texto que se traballou foi a prensa escrita.

### *ACTIVIDADES REALIZADAS NO TERCEIRO TRIMESTRE*

Día do libro: celebramos o Día do libro cunha actuación do grupo “Migallas”.

### *ACTIVIDADES ANUAIS*

*ADQUISICIÓN DE NOVOS FONDOS:* ao longo do curso seguimos adquirindo novos fondos para a biblioteca.

*XESTIÓN E CATALOGACIÓN:* neste curso catalogáronse títulos do curso anterior que se perderan por unha falla eléctrica e continuouse catalogando outros fondos.

Fixéronse cambios na clasificación de catalogación tendo en conta a nova disposición que teñen os fondos e a CDU.

*ELABORACIÓN DE MURAI S E CARTEIS INFORMATIVOS:* ao longo do curso elaborouse un mural e carteis informativos que faciliten aos usuarios a atopar os fondos nos diferentes espazos e andeis da biblioteca.

### *HORARIO DE TARDE*

Durante todo o curso, a biblioteca estivo aberta de 16:30 a 18:30 os luns, mércores, xoves e venres. Neste horario era atendida por un docente de garda, responsable do centro.

### VALORACIÓN GLOBAL

Ao longo deste curso vimos que a biblioteca precisa unha revisión dos fondos e traballar na organización e funcionamento para facer un mellor aproveitamento deste espazo, e para isto precísase dispoñibilidade horaria e de persoal.

### DIFICULTADES ATOPADAS

Falta de sesións de coordinación, avaliación e seguimento para os integrantes do equipo de biblioteca para a xestión, organización e dinamización da biblioteca.

A ausencia dunhas normas de organización e funcionamento da biblioteca durante a sesión do recreo fai que en moitas ocasións sexa moi complicada a xestión deste espazo durante este momento, situación que se da sobre todo nos días de chuvia.

### PROPOSTAS DE MELLORA

Repensar a localización e xestión tanto da ludoteca coma dos xogos da biblioteca que este curso, debido os problemas que creaba o seu uso, foron retirados

Organizar horarios de empréstito e uso da biblioteca durante a sesión do recreo.

Facer sesións de formación de usuarios para o profesorado e o alumnado do centro.

Intentar que algunhas das persoas do equipo de biblioteca coincidan na mesma hora de garda para ter a posibilidade de reunirse nalgún momento do curso.

### POSIBLES ACTUACIÓNS DE CARA AO VINDEIRO CURSO

*Adquirir fondos de diferentes temáticas, sobre todo das que temos menos.*

*Catalogar os fondos que se vaian adquirindo e os que aínda non se puideron catalogar.*

*Continuar coa organización espacial e de fondos no espazo da biblioteca.*

*Intentar levar a cabo formación de usuarios entre o profesorado e o alumnado.*



## 6.1.2- DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

### DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN. CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS

*Non se pode concibir a realización de actividades, campañas e calquera outra proposta de dinamización que non teñan un fío común que permita a globalización das mesmas. O lema das actividades deste ano foi "AgroXogo: Vite en verde". Con este título unimos o xogos tradicionais coas actividades realizadas no centro relacionadas co medio ambiente.*

### OBXECTIVOS

Participación en actividades propostas por organismos ou institucións que permitan afondar no coñecemento da lingua e da cultura de Galicia. **ACADADO**

*Favorecer a lingua e a cultura galegas como referentes nas actividades de*

*Dinamización: contacontos, lecturas, dramatizacións, cancións, traballos de creación propia. **ACADADO***

Incorporación de todo tipo de recursos en soporte tradicional e en soporte dixital. **EN PROCESO**

Promover unha aprendizaxe creativa coa utilización de diferentes recursos dixitais como medio facilitador para a adquisición de coñecementos. **EN PROCESO**

Fomentar o traballo cooperativo entre o alumnado: os alumnos/as son protagonistas e deben experimentar, crear, compartir e aprender con entusiasmo. **ACADADO**

Favorecer a diversidade: procurar que o alumnado utilice as ferramentas que se adapten mellor ás súas capacidades. **EN PROCESO**

Posibilitar que o alumnado poida participar na medida das súas capacidades nos proxectos relacionados coa campaña de Dinamización. **ACADADO**

### OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Coñecer os diferentes xogos populares. **ACADADO**

Aprender a respectar noso patrimonio cultural. **ACADADO**

Apreciar os xogos populares tanto da nosa cultura como de outras culturas.

**ACADADO**

Amosar respecto por tradicións propias da cultura galega. **ACADADO**

Traballar en equipo respectando as ideas alleas. **ACADADO**

*Apreciar a lectura a través de libros, relatos, etc. relacionados co xogo.* **EN PROCESO**

### *ACTIVIDADES REALIZADAS NO PRIMEIRO TRIMESTRE*

Magosto. *Degustación do produto típico do outono. A ANPA colaborou encargándose de asar e repartir as castañas entre todo o alumnado do colexio.*

Mes da Ciencia en galego. Realización de experimentos na aula por parte do alumnado. Obradoiro de Ciencia realizado polos nenos e nenas do IES Rosalía de Castro. Utilización da mochila científica do CAFI no laboratorio polas aulas de Infantil e Primaria.

Semana do peón. *Os discentes decoraron o seu peón ou bailarete na clase e utilizárono nos xogos do recreo. Por último bailamos todos xuntos o peón no Magosto.*

### *ACTIVIDADES REALIZADAS NO SEGUNDO TRIMESTRE*

Entroido. O alumnado disfrazouse tendo en conta a temática anual (elaborado con material de refugallo e/ou roupas que haxa na casa, evitando mercar cousas novas) O desfile dos discentes disfrazados foi polas instalacións do centro. Durante a semana realizamos os mandados do Meco.

### *ACTIVIDADES REALIZADAS NO TERCEIRO TRIMESTRE*

Letras Galegas. En colaboración co departamento de EF, tocamos, cantamos e bailamos a canción "A rianxeira".

Os Maios. *Traballamos esta festa popular en colaboración co Equipo de Actividades Extraescolares.*

### *ACTIVIDADES ANUAIS*

Composteiro. *Realizado por todos os discentes do Centro. Cada semana un aula encargouse dos residuos orgánicos do recreo con dous alumnos/as de 6ºA como monitores, e os levaron ao composteiro*



Horto: *as aulas de 4 anos, 1ºA, 6ªA e 6ºB plantaron e coidaron no horto as verduras de tempada.*

### VALORACIÓN GLOBAL

*En xeral a valoración foi boa, as actividades foron ben aceptadas e a maioría tiveron unha boa acollida por parte do alumnado.*

### DIFICULTADES ATOPADAS

Falta de tempo para organizar certas actividades e ás veces non saían moi ben xa que tiñamos pouco tempo para coordinarnos .

*Falta de organización de sesións conxuntas no horario para reunións de coordinación das diferentes coordinadoras para ir planificando o curso.*

Flexibilización en canto a actividades e datas de realización de tarefas da campaña anual.

### PROPOSTAS DE MELLORA

Os diferentes equipos de centro deberían estar formados por profesorado con asignación horaria suficiente.

Implicación do profesorado na participación por parte do alumnado nas diferentes actividades propostas.

Implicación do profesorado para a realización de actividades globais, incluíndoas na programación de aula.

Programación dun proxecto común que facilite metodoloxías activas ao mesmo tempo que posibilite o traballo dentro do currículo con flexibilidade.

Organización flexible do centro, que posibilite á axuda entre mestres e incluso a realización de proxectos entre aulas de diferentes niveis.

*Conciliar as coordinacións dos diferentes equipos en ocasións non foi doada.*

### *POSIBLES ACTUACIÓNS DE CARA AO VINDEIRO CURSO*

Os diferentes equipos de centro deberían reunirse cada mes e estar formados por profesorado con asignación horaria suficiente.

Implicación do profesorado na participación por parte do alumnado nas diferentes actividades propostas.

Implicación do profesorado para a realización de actividades globais, incluíndoas na programación de aula.

Proposta de continuación coa dinámica de coidado do entorno: composteiros, horto escolar, Voz Natura, etc.

Os diferentes equipos de centro deberían reunirse cada mes e estar formados por profesorado con asignación horaria suficiente.

Implicación do profesorado na participación por parte do alumnado nas diferentes actividades propostas.

Implicación do profesorado para a realización de actividades globais, incluíndoas na programación de aula.

Proposta de continuación coa dinámica de coidado do entorno: composteiros, horto escolar, Voz Natura, etc.

### **6.1.3- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

#### *DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN. CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS*

Neste ano as actividades propostas xiraron ao redor do lema do Centro "AgroXogo. Vite en verde" e procuramos que tivesen un fío conductor ao longo do curso.

Ademáis existen unha serie de actividades que forman parte do calendario de celebracións de obrigado cumprimento e que, nalgúns destes casos, foron propostas e organizadas tamén polo equipo de ACE.

Acadamos a maioría dos obxectivos propostos, das actividades propostas na programación, agás a realización dalgún obradoiro que non se puido realizar por falta de tempo ao ter varias festividades seguidas, como foi o obradoiro de Coroas de Nadal, que por ter os festivos de decembro, as avaliacións e a preparación do festival de Nadal, non houbo momento para organizalo.

#### *ACTIVIDADES REALIZADAS NO PRIMEIRO TRIMESTRE*

As semanas primeiras decorouse o expositor da entrada cunhas letras en grande co nome do cole e colocáronse uns troncos de refugallo do arredores do cole, que serán o marco central de decoración neste curso.

25 de novembro: Día da non violencia contra a muller. Cantamos a canción de Varre Vasoira, que foi editada e pictografiada polo equipo de ACE

3 de decembro: Día da discapacidade. Cada un de nós trouxemos un complemento que tiña que ser visible, e que tiñamos que utilizalo durante toda a xornada lectiva ao fin de entender as dificultades que atopábamos para facer as actividades do día cun obxecto que nos dificultaba o desenvolvemento das rutinas.

Semana do 11 ao 15 de decembro: coroas de nadal (non realizada). Nesas semanas decorouse a entrada con campás feitas de macetas en relación ao lema do ano, e a canción que cantaríamos no festival sobre a Paz para non esquecermos que a Paz non é cousa dun día, quedará ata finais do mes de xaneiro.

21 de decembro: festival de nadal en colaboración coa ANPA quen realizou unha representación para os nenos e as nenas do cole, nós como Equipo, representamos

no salón de actos a benvida so novo ano representando as doce campadas, en colaboración con Carmen, como profesora de EF, quen preparou uns movementos para acompañar. Cantamos unha canción que xa coñecíamos e acompañámola con LSE "Soan as campás pola Paz".

### *ACTIVIDADES REALIZADAS NO SEGUNDO TRIMESTRE*

Semana anterior ao 30 de xaneiro: as semanas anteriores colleitáronse alimentos e produtos de hixiene para aportar ao Concello e que fosen destinados ás persoas con menos recursos do barrio de Vite.

30 de xaneiro: Día da Paz.

8 de febreiro: Día de Rosalía de Castro. Fixemos unhas exposición da imaxe de Rosalía cun centro de flores adornándolle como encabezamento de cara ao Día da Muller.

4-8 de marzo Semana da prensa e, especialmente o 8 de Marzo, Día da Muller. En colaboración co Equipo de Biblioteca, celebramos conxuntamente o Día da prensa e O Día da muller, nunha proposta ofrecida a todos os cursos para realizar unha noticia de prensa ao redor da figura dunha muller, de xeito que cada unha destas noticias representara unha sección do xornal. Todos estes traballos expuxéronse na entrada.

### *ACTIVIDADES REALIZADAS NO TERCEIRO TRIMESTRE*

Semana do 13-15 de maio, traer flores e adornos para facer o Maio. Ensaio de coplas ao redor do tema de Os Maios.

16 de maio. Festa do Maio. O alumnado recitou e cantou as coplas e un profesor acompañou con música. O Maio expúose na entrada do centro ao rematar.

### *VALORACIÓN GLOBAL*

Foi un ano onde aumentamos considerablemente as actividades xa que ademais doutras que xa estabamos a realizar, formos mudando a decoración, acompañándoa con versos que aportou algunha profesora de dinamización e que encabezaba a temática do trimestre, con poemas relacionados cos froitos ou algún acontecemento e festividade.

### *DIFICULTADES ATOPADAS*

A maior dificultade é o pouco tempo que hai para organizar e coordinar as actividades co resto do profesorado e a pouca dispoñibilidade que hai nos horarios para que os membros do equipo poidan axudar a organizalas.

Nalgún momento tivemos que mover algunha actividade porque coincidiu cunha actividade desenvolta por outro Equipo ou profesor, como pasou coa Semana da Ciencia e unha actividade deportiva onde os 6ºs non estaban presentes para celebrar o Día da Muller, xa que coincidiu cunha saída do grupo.

Nos Maíos, a organización no último momento cambiou dando lugar a algún problema e a música entorpecía escoitar as coplas.

### *PROPOSTAS DE MELLORA*

Foi unha mágoa non poder realizar a actividade de coroas de nadal xa que é unha actividade da contorna, manual, creativa e que une ao centro ao redor dunha actividade que crea conciencia de grupo e aula.

### *POSIBLES ACTUACIÓNS DE CARA AO VINDEIRO CURSO*

A Acústica cando se realizan actividades conxuntas non é moi boa. Poderíanse mercar algún altofalante ou micrófono para que os participantes puidesen ser escoitados polo resto da comunidade educativa.

Foi moi produtiva a colaboración inter equipos nalgunhas das actividades xa que aportan máis ideas e desafoga a carga de traballo xa que se reparte entre dous ou máis coordinadores e pódense celebrar varias festividades dentro dunha sendo máis enriquecedor para todos e todas.



## 6.1.4- PATIOS

### DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN. CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS

OBXECTIVO XERAL	NON ACADADO	EN PROCESO	ACADADO
Integrar de maneira real ao alumnado nas actividades de lecer, en particular a aqueles que presentan maior dificultade nas habilidades sociais e na comunicación.		X	
OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	NON ACADADO	EN PROCESO	ACADADO
Ofrecer alternativas de ocio diferentes e orixinais con fins educativos (educar en e para o tempo libre), onde se integre todo o alumnado, en especial aquel que presente calquera tipo de diversidade funcional que lle restrinja formar parte do grupo.			X
Potenciar o desenvolvemento de áreas específicas (habilidades sociais, comunicación, motricidade, ...).			X
Favorecer un clima de entendemento e respecto cara as características persoais do alumnado.			X
Evitar situacións de acoso escolar.			X
Organizar e planificar, desde unha visión educativa, o patio escolar deseñando espazos e zonas axeitadas ás necesidades e demandas do noso alumnado dotándoas dos materiais necesarios.		X	
Traballar a educación en valores fomentando a resolución pacífica de conflitos e o diálogo, sen que sexa precisa a intervención do adulto.		X	
Previr o sedentarismo.		X	
Impulsar usos do espazo que non respondan a estereotipos de xénero.			X
Establecer normas de utilización e coidado dos materiais e as instalación do patio para garantir a súa conservación e bo uso.			X

### ACTIVIDADES REALIZADAS NO PRIMEIRO TRIMESTRE

Pequena liga de tenis de mesa que consistían en anotarse nunha lista e ían xogando entre eles, co mestre de EF supervisando a actividade. Realizábase nos recreos dos martes.

Baile. O alumnado coa axuda da mestra de EF creaba unha coreografía e practicábaa nos recreos dos xoves. Algún día mais se se ía realizar en algunha conmemoración como a Semana do Medo arredor do Samaín.

Magosto. Xogamos cos peóns nos tempos de lecer.

Enquisa sobre as actividades das que lle gustaría participar ao alumnado. Creouse un plano do centro cos diferentes espazos que se poden usar no tempo de lecer e o

alumnado anotou as actividades que realizaban nos recreos e aquelas que lles gustaría ter. Con isto ofertamos actividades no 2º e 3º trimestre.

Competición de cross a través de XOGADE.

Coñece o meu club. Nas sesións de EF visitáronnos, no primeiro trimestre, diversos clubs da contorna: (esgrima, judo e hockey).

Reunións mensuais.

### *ACTIVIDADES REALIZADAS NO SEGUNDO TRIMESTRE*

Carreira solidaria pola Paz, o 30 de xaneiro.

Baile os xoves.

Entroido, o 9 de febreiro. O alumnado participante en móvete + realizou unha coreografía.

Liga de bádminton a nivel de centro. De 1º a 6º. Os martes.

XOGADE. Competición de bádminton do alumnado de 6º con outros colexios da zona.  
Competición de xadrez a través da ANPA.

Manualidades. Os mércores e os venres estableceuse un espazo para un carro de manualidades para o alumnado que precisaba socializar de forma diferente.

Xornada de Educación viaria para 6º, en Amio en colaboración co Policía Nacional do Concello o 5 de abril.

### *ACTIVIDADES REALIZADAS NO TERCEIRO TRIMESTRE*

Manualidades. Continuamos os mércores e venres.

29 de abril, Día Internacional da Danza. De 1º a 3º de primaria bailou "Jerusalem" de 4º a 6º fixeron unha coreografía de capoeira.

Sesión de movemento cos maiores. O 8 de maio, os dous terceiros participaron nunha sesión de ximnasia con persoas da terceira idade, en colaboración co centro sociocultural de Vite.

17 de maio, Día das Letras Galegas. Todos cantamos e bailamos a Rianxeira.

Baile cos maiores. Tamén en relación coas letras galegas, o 27 de maio, o alumnado de 3º cantou e bailou coas pandereteiras de Vite, na Residencia de Maiores de "Porta do Camiño".

Marcha Ciclista por Compostela, cos centros educativos da contorna e en colaboración coa Policía Nacional. Educación Viaria.

Xornadas deportivas. O 18 e o 20 de maio realizamos dúas xornadas deportivas nas que participaron diferentes clubs e asociacións. Parte deles participaron a través de "Coñece o meu club".

Cooperación internacional: A "Asociación Movilidad Humana", enviounos a 7 representantes de diferentes países que nos ensinaron xogos tradicionais do seu lugar de nacemento, podendo ver moitas similitudes cos xogos que facemos aquí.

Hockey sobre patíns: C.D. Patín Berenguela.

Flag fútbol: Club Santiago Black Ravens.

Fútbol gaélico: Suévia Fútbol Gaélico.

Breakdance: Break Inclán.

Ximnasia rítmica: Club Squadra Boqueixón.

Judo: Compostela judo club.

Skate: Skate Escola.

Tenis de mesa: Conxo Tennis de Mesa.



Atletismo: SD Compostela Atletismo.

Fin de curso en colaboración coa ANPA realizamos diferentes obradoiros: zumba, xogos tradicionais, xogos con paracaídas, pulseiras, chaveiros e tatuaxes.

### *VALORACIÓN GLOBAL*

A valoración global é positiva.

### *DIFICULTADES ATOPADAS*

O principal problema foi o tempo para coordinarnos cos docentes e poder traballar en aula co alumnado para que puideran crear o seu propio espazo de lecer.

### *PROPOSTAS DE MELLORA*

Darlle tempo e espazo ao alumnado para crear un patio acorde ás súas inxedanzas.

### *POSIBLES ACTUACIÓNS DE CARA AO VINDEIRO CURSO*

Que o alumnado describa, pinte, viva o espazo do que dispoñemos para adaptalo ás súas necesidades.

Buscar a maneira de integrar mais ao alumnado con n.e.e. nas actividades propostas.

Continuar coas actividades que están funcionando: manualidades, baile e ligas deportivas.

## 6.1.5- TIC

### *DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN. CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS*

*O grao de cumprimento dos obxectivos sería medio-alto.*

Elaborar Guía Básica de uso TIC (pendente, pero fíxose o PFPP).

Páxina *web* e Aulas virtuais edixgal en uso (conseguido).

Implicación do Claustro (a medias).

*Software* Libre (a medias; segue habendo modelos en formatos de *software* privativo).

Actualización de equipos informáticos (conseguido).

Seguridade na Rede (conseguido co alumnado e parte do profesorado).

Incorporación das TIC no día a día (a medias).

### *ACTIVIDADES REALIZADAS NO PRIMEIRO TRIMESTRE*

Formación TIC xeral e Edixgal específica para o 3º Ciclo.

Posta a punto dos equipos de aula. Asignación dos equipos edixgal.

Instalación dun ordenador de consulta na Biblioteca.

### *ACTIVIDADES REALIZADAS NO SEGUNDO TRIMESTRE*

PFPP: *Edixgal, ferramentas institucionais e outros programas educativos.*

Recepción de equipos informáticos e reparacións de carros.

### *ACTIVIDADES REALIZADAS NO TERCEIRO TRIMESTRE*

PFPP: *Edixgal, ferramentas institucionais e outros programas educativos.*

Recepción de monitores interactivos para as aulas de 3º, 4º, 5º e 6º EP.

### *VALORACIÓN GLOBAL*

Aínda que sempre se pode mellorar, os resultados xerais son aceptables tanto en alumnado como en profesorado.

### DIFICULTADES ATOPADAS

Durante meses longos houbo aulas (incluídas as Edixgal) infradotadas e con material obsoleto por mor de que non se actualizaran no curso pasado as vellas PDI por monitores interactivos.

A aula de Informática presentou fallos de conectividade. En adición, os equipos están desactualizados.

Coma sempre, as dificultades xorden da falta de horario para unha asesoría e formación para todo o Claustro. A integración de certas ferramentas no día a día (Aguero, Aulas Virtuais, Abalarbox) é, ás veces, complexa debido aos equipos e á carencia dunha necesidade real de uso. No momento que aparecen estas necesidades ou dificultades é cando nos damos conta da urxencia dunha formación; pero ás veces é tarde ou non hai tempo físico. De aí a necesidade de prever e facilitar a entrada nestas ferramentas.

Ciclo	Contidos	
2º Ciclo de Infantil	Uso do rato. Uso básico do teclado	✓
1º Ciclo de Primaria	Apertura de arquivos. Estrutura de carpetas. Creación de ficheiros (ODF)	✗
2º Ciclo de Primaria	Proceso de textos e imaxe sinxela	✗
	Recoñecer tipos de programa (navegador, buscador, procesador, aplicación)	✓
	Partes do ordenador (CPU e periféricos)	✓
3º Ciclo de Primaria	Proceso de textos, imaxe e presentacións.	✓
	Recoñecemento de extensións.	✓
	Uso de navegadores e buscadores.	✓
	Seguridade na rede.	✓

### PROPOSTAS DE MELLORA

Usar material Edixgal de creación propia adaptando as programacións didácticas á aula e non usando tanto libro dixital sen contexto.

Maior implicación, non tanto na formación docente como no uso axeitado das ferramentas aprendidas na mesma.

### *POSIBLES ACTUACIÓNS DE CARA AO VINDEIRO CURSO*

Repetilas formacións internas de profesorado en diversas ferramentas TIC, incluíndo os novos monitores interactivos.

Incluír diferentes ferramentas nas aulas Edixgal (Writer, Impress, Canva, Calculadora, Recortes, Khan Academy, Gimp...) para amplia-lo rango de competencia xeral do alumnado.

## 6.2.- DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

### 6.2.1- PLAN DE ORIENTACIÓN

#### *DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN. CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS*

*Seguimos tendo un Departamento de Orientación Compartido (OC), neste curso académico 2023-2024 a administración educativa volveu autorizar a que a labor da orientadora se desenvolvese soamente no CEIP Plurilingüe de Vite. O centro ten un 20% de alumnado con NEAE e desde o departamento de orientación organizáronse diferentes tipos de apoio educativo para atender a uns 50 alumnos e alumnas, algúns con NEE e con apoio individualizado e moi guiado.*

O obxectivo que nos marcamos desde o departamento de orientación, foi atender á diversidade de necesidades do alumnado no noso centro. Para iso, buscouse eliminar as barreiras que limitan o acceso, presenza, participación e aprendizaxe do alumnado en situación de vulnerabilidade, para promover unha inclusión real e efectiva. Este obxectivo é a longo prazo, cada curso buscamos esa mellora e seguirá sendo a finalidade última da programación anual deste departamento.

#### *ACTIVIDADES REALIZADAS NO PRIMEIRO TRIMESTRE*

*O departamento estivo ao cargo da orientadora substituta, Estefanía Pereira González. Realizáronse as seguintes actividades:*

Revisión dos expedientes do alumnado, coa colaboración das mestras de PT, AL e titores.

Petición e elaboración dos informes das becas do MEC 23/24 (14 solicitudes tramitadas).

Constitución do Departamento de Orientación (5/9/23) e establecemento das reunións e coordinación con Servizos Sociais do Concello, cos CEE Barcia e CEEPR Aspanaes, polo alumnado en escolarización combinada, co Departamento de Orientación do IES Arcebispo Xelmírez II, con gabinetes externos...



Valoración de necesidades entre o alumnado de nova incorporación e análise das novas demandas durante o mes de setembro durante a avaliación inicial do profesorado tutor.

Distribución do alumnado para apoios extraordinarios con atención de mestres especialistas de Pedagogía Terapéutica e para a atención de Audición e Linguaxe, así como distribución do alumnado que precisa de atención de PAC (8 alumnos/as).

Asignación dos apoios ordinarios, en coordinación coa xefa de estudos e en base aos criterios de organización establecidos desde o departamento para priorización dos mesmos, en base ao alumnado NEAE para este curso.

Achega de recursos ao profesorado, sobre todo para elaboración de materiais e documentación para principio do curso.

Seguimento nas avaliacións iniciais do alumnado NEAE (30 alumnos/as, 6 novos no centro) e da asignación de apoio de especialistas de PT/AL para axustes dos horarios ao incorporarse unha PT do programa acompaña a tempo completo.

Seguimento das ACS do curso pasado para renovación da solicitude para: un alumno de 1º de EP, un alumno de 2º de EP, un de 3º de EP e tres alumnos de 6º de EP, así como unha nova solicitude para un alumno de 4º de E (total sete ACS).

Coordinación cos tutores/as dos alumnos/as que reciben apoio ordinario, para desenvolver medidas de reforzo para o alumnado con suspensos en áreas concretas ou nas que presentan dificultades, estes reforzos foron impartidos polos propios tutores e por profesorado do centro con horas dispoñibles dentro do seu horario.

Atención ás solicitudes de reunión coas familias que o solicitaron para: solicitude de becas do MEC, información de necesidades educativas, coordinación para pautas...

Coordinación con servizos externos ao centro aos que acode alumnado: organizacións da Xunta (Igaxes), gabinetes psicopedagóxicos (Violeta Cruz, Diagnoses...), ONGs que colaboran con clases de reforzo polas tardes (Cooperación Internacional).

Revisión e actualización do Plan de Orientación e elaboración do Plan Anual de Actividades do Departamento de Orientación para o curso 23-24.



Avaliacións Psicopedagóxicas: solicitude por parte dos titores para 2 alumnos, despois da avaliación inicial.

Solicitude da colaboración do EOE, para pautas a seguir e solicitude de informe para atención de PAC con tres alumnos de EI..

Cubrir o DRDADI do 2023.

Redacción de informes de derivación, sobre todo para servizos médicos, revisión de certificado de discapacidade... solicitados desde a familia (para 7 alumnas e alumnos).

Participación na rede de barrio de Vite, acudindo ás reunións periódicas ás que tamén acoden os servizos sociais e outras organizacións do entorno.

Organización e solicitude de charlas para familias a través da ENAPA, en colaboración co CAFI e coa ANPA do centro.

Posta en marcha de distintas actuacións do CPIInnova e dos CPIInclúe, organizadas en colaboración con entidades externas e coordinadas desde orientación: programa de nutrición para 2º e 4º de EP.

Intervención e charlas de habilidades sociais co alumnado de 6º de EP, a cargo da psicóloga do barrio Rosa Prada, a raíz de conflitos xurdidos a nivel de grupo.

Balance das actuacións do D.O. no 1º trimestre: acadáronse todos os puntos marcados.

### *ACTIVIDADES REALIZADAS NO SEGUNDO TRIMESTRE*

*A finais de xaneiro incorporouse a orientadora titular, M<sup>a</sup> Dolores Juiz López.*

Fixemos análise dos resultados da primeira avaliación, en reunión do departamento, valoramos os resultados para a posta en marcha de axustes nos apoios de cara ao 2º trimestre.

Reasignación dos apoios e dos horarios das especialistas do departamento en función das altas, aparición de novas demandas, novas valoracións e seguimento de casos.

Avaliacións Psicopedagóxicas: unha valoración.



Reunións de seguimento e acompañamento con familias, moitas en horario de titoría (martes de 4.30 a 5.30) en conxunto cos titores do alumnado.

Reunións e coordinacións servizos externos: sanitarios, sociais e outros de apoio extraescolar, ben de xeito presencial, telefónica ou vía webex.

Redacción de informes de seguimento e derivación solicitados desde as familias, para servizos médicos infantís e para seguimento ou valoración de discapacidade.

Posta en marcha do Programa de Convivencia e Mediación co alumnado de 5º e 6º de curso de EP, coa colaboración de persoal de ASGAMED.

Participación nas reunións da rede de barrio de Vite, con proposta de actividades colaborativas cos maiores do barrio e o alumnado de 3º de EP, para o 2º trimestre.

Obradoiros co alumnado de 5º e 6º de primaria sobre uso das redes sociais e sobre educación afectivo sexual, a cargo do equipo de Coidadosamente, encargados da prevención e promoción da saúde mental no ámbito escolar.

Organización de charlas para familias a través da ENAPA, en colaboración co CAFI e coa ANPA do centro, sobre o uso das redes sociais e sobre educación afectivo sexual, a cargo de Belén Montesa, psicóloga de Coidadosamente.

Continuidade de actuacións do CPIInnova e dos CPIInclúe, en colaboración con entidades externas e coordinadas desde orientación: obradoiro de danza e movemento, para todo o colexio, obradoiro de horto e xardinería, para o alumnado de 6º de EI e 6º curso de AP.

Balance das actuacións do D.O. no 2º trimestre: acadáronse todos os puntos marcados, quedando pendentes as valoracións psicopedagóxicas, adicando este trimestre a actualizar os informes psicopedagóxicos do alumnado con NEAE.

### ACTIVIDADES REALIZADAS NO TERCEIRO TRIMESTRE

*Análise dos resultados da 2ª avaliación: en reunión do departamento valoramos os resultados para a posta en marcha de medidas de cara ao 3º trimestre.*

Modificación horarios apoios en función das conclusións obtidas nas avaliacións das valoracións de funcionalidade dos apoios.

Avaliacións Psicopedagóxicas: realizando tres solicitudes pendentes.





Redacción de informes de derivación e seguimento, para servizos médicos infantís e para seguimento ou valoración de discapacidade.

Demos a coñecer o servizo de “minimediadores” coa posta en funcionamento nos recreos por parellas de 6º de EP e os de 5º de EP en calidade de aprendices e, xa con prácticas de casos reais por conflitos xurdidos na xornada escolar entre os compañeiros.

Posta en marcha do Programa de Xogos Inclusivos no patio, con obradoiros de manualidades diante da biblioteca.

Organización de charlas para familias a través da ENAPA, en colaboración co CAFI e coa ANPA do centro, sobre a xestión da frustración e da conduta no alumnado con TEA, a cargo de Carmen Márquez de BATA.

Continuidade de actuacións do CPIInnova e dos CPIInclúe, en colaboración con entidades externas e coordinadas desde orientación: obradoiros de poda e horticultura coa colaboración do CFEA Sergude e cun xardineiro, actividades de movemento e memoria cos maiores do barrio, en colaboración con Vite en Rede, charla de mediación con Asgamed, actualización de documentación para o plan de calidade...

Proposta de alumnado para seguimento e/ou para a solicitude de Becas dirixidas a alumnado con NEAE concedidas polo MEC, para o vindeiro curso (remata o prazo a finais de setembro).

Solicitude de ampliación na modalidade de escolarización en combinada para dous alumnos, un día máis no CEEPR Aspanaes e outro día máis no CEE A Barcia.

Solicitude de flexibilización do período de escolaridade para unha alumna de 6º de EP.

Intervención do EOE para asesorar en pautas de intervención con dous alumnos con problema na xestión da conduta, os dous de 1º de EP, levando a cabo un programa excepcional coa colaboración da familia, para rematar o curso e compromiso de seguimento en setembro.

Redactar a proposta de alumnado pendente de valoración e seguimento das necesidades para o curso seguinte para elaborar o cadro xustificativo de apoios para o vindeiro curso.

Proposta de asignación de apoios de PT e AL para alumnado con NEAE o vindeiro curso e valoramos se contamos co persoal especializado suficiente



(foi rexeitada a solicitude de praza de atención preferente). Fixemos solicitude á administración educativa de dúas prazas de PT e unha de AL a maiores das definitivas coas que contamos, un total de 2 de PT e 1 de AL

Cubrir o DRDorienta (prazo ata mediados de xullo)

Reunións de orientación e apoio ás familias de alumnado NEAE para informar de recursos.

Xornada de acollida no IES co alumnado de sexto de primaria e posterior reunión coa orientadora, directora do IES Arcebispo Xelmírez II e as titoras do citado curso, en relación as características do alumnado de novo ingreso no instituto.

Análise dos resultados da 3ª avaliación: en 1º e 2º ciclo pasan todos e repiten tres alumnos de 6º curso de EP, unha alumna en flexibilización; hai tres alumnos aos que se lle vai valorar o vindeiro curso unha proposta de ACS, os tres de 3º curso de EP; e queda solicitude de valoración para alumnado con atraso académico e baixo rendemento, en distintos cursos.

Coordinación e seguimento cos servizos externos: tanto servizos médicos, servizos sociais, gabinetes... co fin de dar unha continuidade ás medidas tomadas ao longo do curso.

Memorias elaboradas pola orientadora: a memoria do DO que inclúe as memorias elaboradas desde PT e AL e memoria dos Contratos Programa (para mediados de xullo).

Balance das actuacións do D.O. no 3º trimestre: rematamos cumprindo o marcado para este trimestre, pese a que a elaboración de informes e documentación variada que se lle solicita ao departamento, fai que non chegue o tempo destinado para atención da orientación no centro.

### VALORACIÓN GLOBAL

Valoráronse as actuacións realizadas segundo o seguinte grao de consecución:

- Desenvolvidas: **D** (4-5)
- Parcialmente desenvolvidas: **PD** (3-2)
- Non desenvolvidas: **ND** (1)



	1	2	3	4	5
Desenvolvemento das programacións acorde ao previsto				•	
Suficiencia e aproveitamento dos recursos humanos e materiais para atención da diversidade.			•		
Medidas de atención á diversidade diseñadas para alumnado con NEAE suficientes.			•		
Intervención e tratamento das dificultades de aprendizaxe con intervención dentro da aula ordinaria.			•		
Grao de consecución dos obxectivos marcados nas aulas de apoio (PT/AL)			•		
Elaboración e implementación de actividades desde o departamento para a mellora da convivencia			•		
Promoción da participación das familias na educación dos fillos e fillas e coordinación das actuacións escola-familia.				•	
Coordinación do equipo do DO co resto de persoal e equipo docente			•		
Colaboración con servizos externos da comunidade educativa.				•	
Implicación do centro no Plan de Orientación			•		

### DIFICULTADES ATOPADAS

A elaboración e redacción de informes para os servizos sanitarios, sociais e outros organismos, o rexistro de reunións de coordinación coas familias e gabinetes externos, así como a realización de informes psicopedagóxicas, solicitudes a distintos organismos e o deseño de distintos Plans, incidiron no enlenteceamento das actividades do departamento, pois supón moita xestión burocrática que resta intervención directa co alumnado.

Segue quedando con apoio insuficiente o alumnado con dificultades de aprendizaxe sen un diagnóstico claro, debido á gran cantidade de alumnado con necesidades especiais diagnosticadas ao que se lle presta atención persoal de especialistas de PT e AL. Por outra banda, este é alumnado que precisa apoio a tempo completo na xornada escolar, en gran medida polas dificultades de conduta e de autonomía, polo que para este apoio necesitamos seguir contando con outros docentes con dispoñibilidade horaria e coa intervención de PAC.

As reunións de coordinación dos membros do departamento cos titores e resto de persoal implicado con alumnado NEE, seguen a ser escasas, isto repercute en problemas na organización e na coordinación e seguimento dos apoios por falta dun tempo para facelo. Ademais esta situación provoca certo desacougo no alumnado



con NEE, pois houbo mellora nos casos que si houbo coordinación departamento-familia-titores-PAC, unificando pautas de actuación.

Seguimos traballando pola implicación e participación de determinadas familias no proceso de formación dos seus fillos/as para favorecer o desenvolvemento integral dos mesmos. A pesar da colaboración con servizos sociais e con organismos aos que derivar estas familias para adquirir competencias familiares, hai familias ás que segue sendo difícil chegar e comprometalas coa asistencia continuada á escola de seus fillos.

### *PROPOSTAS DE MELLORA*

Que a solicitude de Contratos Programa se enfoque, por unha banda para poder desenvolver as competencias clave no alumnado a través de propostas innovadoras, con programas pensados para facilitar o desenvolvemento competencial, buscando a implicación dos docentes do centro para integralos no horario e programación de aula desde principio de curso. Por outra banda pensamos en programas participativos e favorezan o desenvolvemento de accións nos espazos lúdicos e naturais nun entorno de inclusión real, posibilitando recursos adaptados e poder seguir facilitando os intercambios coa comunidade e o contorno de referencia.

Á hora de organizar as medidas de atención á diversidade, primar adoptar primeiro as ordinarias con dotación de recursos aos titores, tanto materiais para a adaptación de tempos, instrumentos de avaliación, plans de RE, como persoais con profesorado con dispoñibilidade horaria para poder facer apoio dentro de aula e/ou con pequenos agrupamentos, para poder facer apoio dentro de aula e/ou con pequenos agrupamentos.

Optimizar a organización de medidas extraordinarias co alumnado NEE, en coordinación da xefa do departamento de orientación coa xefatura de estudos, para valorar a necesidade de apoios de PT, AL, Agrupamentos Flexibles, atención de persoal para ás ACS, implicación das PAC... e así establecer os criterios de organización dos apoios para planificación de horarios.

### *POSIBLES ACTUACIÓNS DE CARA AO VINDEIRO CURSO*

Pedir dotación de persoal especialista de PT e AL a maiores dos mestres definitivos, pois temos cantidade de necesidades educativas ás que hai que atender de xeito individualizado, moitos con necesidade dun sistema natural asistido para comunicarse e que precisan intervención para xestión da conduta. É prioritario contar no centro con recursos persoais suficientes para facilitar organización e garantir tamén a atención directa ao alumnado con NEAE por dificultades de aprendizaxe.

Programas de reforzo non só a nivel individual, senón con grupos reducidos para recuperación das áreas instrumentais básicas, partindo dos cursos máis inferiores de primaria, coa colaboración de mestres con dispoñibilidade horaria, dentro da aula ordinaria.

Con respecto ao alumnado con NEE, seguir na liña de fomento da autonomía e de actividades funcionais, aunando pautas de actuación do persoal docente implicado, familia e persoal auxiliar coidador (PAC).

## 6.2.2- PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA

*Neste curso académico o centro contou con tres mestras especialista en Pedagogía Terapéutica (PT) a tempo completo, 2 definitivas no centro e 1 provisional. O horario sufriu varias modificacións ao longo do curso en base ás novas necesidades detectadas, á evolución que tivo o alumnado e á incorporación da PT Acompaña, xa iniciado o curso.*

Os apoios por parte das mestras especialistas en PT leváronse a cabo en dúas modalidades:

- Apoios fóra da aula de referencia (individualmente ou en pequeno grupo).
- Apoios dentro da aula de referencia (individualmente ou en pequeno grupo).

*A decisión na asignación e agrupamento, así como a modalidade de apoio a realizar foi adoptada de forma conxunta polo Departamento de Orientación, escoitados tamén as mestras titoras, e coa conformidade da Dirección do centro.*

### ALUMNADO ATENDIDO

Mestra de Pedagogía Terapéutica: Ángeles Vázquez Guerra; mestra substituta Catuxa Gómez Teijo

ALUMNADO	CURSO	NEAE	INTERVENCIÓN	DURACIÓN
Alumno 1	1º	Dificultades asociadas a Síndrome de Down e dificultades de conduta	Apoio na aula de PT	Setembro-Xuño
Alumno 2	2º	Dificultades asociadas a TEA	Apoio na aula de PT	Setembro-Xuño
Alumno 3	2º	Dificultades asociadas a posible TEA/TEL	Apoio na aula de PT	Setembro-Xuño
Alumno 4	2º	Dificultades asociadas a TEL	Apoio na aula de PT	Setembro-Xuño
Alumno 5	2º	Dificultades asociadas a trastorno da linguaxe e da comunicación, e déficit cognitivo	Apoio na aula de PT	Setembro-Xuño
Alumno 6	2º	Dificultades asociadas a trastorno de aprendizaxe	Apoio na aula de PT	Setembro-Xuño
Alumno 7	3º	Dificultades asociadas a Síndrome de Floating-Harbor e	Apoio na aula de PT	Setembro-Xuño

		TEA		
Alumno 8	6º	Dificultades asociadas a incorporación tardía ao sistema educativo por proceder doutro país	Apoio na aula de PT	Setembro-Xuño

### Mestra de Pedagogía Terapéutica: Ana Isabel Couselo Álvarez

ALUMNADO	CURSO	NEAE	INTERVENCIÓN	DURACIÓN
Alumno 1	4º	Dificultades de aprendizaxe	Reforzo na aula de PT e ordinaria	setembro-Xuño
Alumno 2	5º	Dificultades asociadas a TDAH	Reforzo na aula ordinaria	setembro-Xuño
Alumno 3	6º	Dificultades asociadas a TEA e discapacidade intelectual	Apoio aula de PT e ordinaria	setembro-Xuño
Alumna 4	6º	Dificultades asociadas ao TEA e discapacidade intelectual	Apoio aula de PT e ordinaria	setembro-Xuño
Alumno 5	6º	Dificultades relacionadas con TDAH e dislexia	Apoio aula ordinaria	setembro-Xuño
Alumna 6	6º	Dificultades asociadas á dislexia	Apoio aula ordinaria	setembro-Xuño
Alumna 7	6º	Dificultades asociadas á incorporación tardía ao sistema educativo por proceder doutro país	Apoio aula ordinaria	setembro-Xuño
Alumno 8	6º	Dificultades asociadas a discapacidade intelectual	Apoio aula ordinaria	setembro-xuño

### Mestra de Pedagogía Terapéutica: Lorraine Chantal Reinlander; mestre substituto Juan Carlos Álvarez Rodríguez

ALUMNADO	CURSO	NEAE	INTERVENCIÓN	DURACIÓN
Alumno 1	5ºEI	TEA con deterioro importante da linguaxe	Reforzo dentro da aula de PT	Setembro-Xuño
Alumna 2	5º EI	Retraso da linguaxe e de aprendizaxe (na adquisición de habilidades)	Reforzo dentro da aula de PT	Setembro-Xuño
Alumno 3	5ºEI	Retraso global no desenvolvemento	Reforzo dentro da aula de PT	Setembro-Xuño
Alumno 4	5ºEI	Alumno con NEAE por atraso madurativo	Reforzo dentro da aula de PT	Setembro-Xuño
Alumno 5	6ºEI	Transtorno do espectro autista	Reforzo dentro da aula de PT	Setembro-Xuño
Alumno 6	1º	Síndrome de Down. Dificultades a nivel de linguaxe, conduta, motricidade e déficit cognitivo.	Reforzo dentro/fóra da aula de PT	Setembro-Xuño
Alumno 7	1º	Dificultades de aprendizaxe asociadas a TEA, Trastorno da conduta (dificultades na relación social, baixa tolerancia á frustración, condutas disruptivas)	Reforzo dentro/fóra da aula de PT	Setembro-Xuño
Alumno 8	2º	Trastorno da linguaxe expresivo-receptivo. Trastorno da	Reforzo dentro/fóra da aula de PT	tembro-Xuño



		comunicación social. Déficit cognitivo		
Alumno 9	3º	Síndrome de Floating-Harbor	Reforzo dentro/fóra da aula de PT	Setembro-Xuño
Alumno 10	3º	Dificultades en comunicación, interacción social e intereses restrinxidos, suxerente dun TEA	Reforzo dentro da aula de PT	Setembro-Xuño

### DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN. CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS

Os obxectivos a traballar establecéronse en función das NEAE detectadas.

Respecto ao centro:

- Promover a accesibilidade universal e a inclusión do alumnado.
- Mellorar o clima afectivo e social tanto nas aulas coma no centro en xeral.
- Asesorar ao profesorado respecto dos cambios metodolóxicos necesarios para unha mellor atención á diversidade do alumnado. Consideramos que os obxectivos respecto ao centro cumpríronse na súa maioría. Porén, necesítase continuar facendo fincapé na necesidade de mellorar a accesibilidade universal no centro (non só acceso senón cognitiva), uso de metodoloxías activas que promovan a inclusión como o DUA, etc.

Respecto ao alumnado:

- Proporcionar unha resposta educativa axeitada a cada alumna/o que lle permita seguir o currículo ordinario na medida das súas posibilidades.
- Priorizar as aprendizaxes instrumentais, lectura, escritura, cálculo e resolución de problemas, así coma outras básicas que lles permitan desenvolverse autonomamente na súa contorna.
- Contribuír ao desenvolvemento dos procesos psicolóxicos básicos (atención, percepción, memoria, razoamento...).
- Desenvolver o esquema corporal e as capacidades psicomotoras: coordinación, equilibrio, lateralidade, motricidade grossa e fina.
- Mellorar a comprensión da linguaxe oral e expresión, se é necesario por medio dun Sistema Aumentativo ou Alternativo de Comunicación (SAAC).
- Fomentar interaccións positivas cos iguais e cos adultos que contribúan á aprendizaxe (reforzo positivo, uso de metodoloxías que promovan a





inclusión) e á construción dun autoconceito axeitado e unha boa autoestima.

En xeral, consideramos que houbo un grao de cumprimento aceptable destes obxectivos aínda que é susceptible de melloría de cara a vindeiros cursos.

Respecto á familia:

- Favorecer a súa implicación no proceso educativo das súas fillas e fillos.
- Proporcionar información e asesoramento respecto das NEAE.
- Respecto á actuación coas familias, a consecución dos obxectivos foi desigual. En xeral, podemos dicir que se fomentou a participación e se proporcionou información e asesoramento, en especial, con aquelas familias con nenos e nenas con maiores necesidades (alumnado con diversidade funcional).

## VALORACIÓN GLOBAL

Unha vez finalizado o curso actual, considéranse mellorables os seguintes aspectos:

Introducir tempos de coordinación coas persoas titoras e mestres/as de área.

Aumentar tempos de coordinación das persoas especialistas do Departamento de Orientación.

Creación dunha aula de recursos.

Mellorar a aula multisensorial e crear manuais para o seu correcto uso.

Formación sobre materiais e uso das aulas multisensoriais.

Reunións previas as avaliacións.

Aínda que se mellorou moito neste sentido, consideramos fundamental o uso de materiais adaptados ó nivel de cada alumno/a, así como a adaptación de probas escritas, axuste de tempos e cambios da metodoloxía que faciliten o acceso ó curriculum deste alumnado.

## DIFICULTADES ATOPADAS

Valoración da repercusión das medidas de apoio no alumno/a e *valoración da coordinación co profesorado titor e cos mestres da materia onde se realizou o apoio:*

Na intervención co alumnado, resulta difícil que haxa unha adecuada progresión nos aprendizaxes cando o alumno ou alumna falta moito ás clases; ás veces por causas inxustificadas.



Salvo contadas excepcións, non se producen reunións do equipo de mestres e mestras que imparten docencia ao mesmo grupo, (equipos de ciclo e nivel) excepto as sesións de avaliación inicial e as trimestrais. Esta coordinación axudaría, por exemplo, a que se establecese un criterio único respecto das condutas consideradas aceptables, aquelas que se queren extinguir ou reforzar e establecemento dun sistema de reforzadores de cara a xeneralización das mesmas a tódolos contextos. Isto é especialmente importante na intervención co alumnado con TEA, TDAH, ou problemas de comportamento.

Tampouco tivemos unha coordinación óptima coas familias nin con organismos externos ou centros escolares específicos aos que asiste o noso alumnado.

### *PROPOSTAS DE MELLORA*

Realizar dende o departamento de orientación un seguimento ao longo do curso de aqueles menos e nenas que reciben apoio.

Consideramos necesario manter unha reunión previa a cada sesión de avaliación, entre a persoa titora, xefe/a do Departamento de orientación e as mestras especialistas de PT e AL, referida unicamente ao alumnado con N.E.A.E. que nese momento está a recibir apoio, de cara a valorar os resultados acadados e propoñer as modificacións oportunas en canto as medidas de atención á diversidade.

### *POSIBLES ACTUACIÓNS DE CARA AO VINDEIRO CURSO*

De cara ao vindeiro curso, deberían seguir recibindo apoio case a totalidade dos alumnos e alumnas cos que se interveu este curso, dado que se trata de nenos/as con N.E.A.E. de tipo permanente, excepto os seguintes casos:

Alumnado cos obxectivos propios da etapa e/ou nivel superados e que, por ese motivo, deixara de recibir apoio o curso anterior.

Alumnado que abandonou o centro educativo por promoción á etapa seguinte.

Alumnado que cambiou de centro educativo.

Aínda así, consideramos necesario que o alumnado que non continúa recibindo apoio de PT e que continúa no centro, sexa supervisado e teña reforzo ordinario por parte da persoa titora e/ou por mestres dispoñibles.

Cómpre realizar unha avaliación inicial ao comezo do vindeiro curso para tomar as decisións oportunas á hora de organizar os apoios. Igualmente, deberán revisarse os agrupamentos entre alumnos que acoden ás diferentes aulas de PT.

No caso de apoios moi específicos onde os discentes necesitan, para o seu proceso de aprendizaxe, material de apoio moi concreto (SAAC, ordenador, axendas escolares, etc.), deberase establecer canles de coordinación co equipo docente que participa no proceso de Ensino- Aprendizaxe deste alumnado.

### 6.2.3- AUDICIÓN E LINGUAXE

Neste curso académico o centro contou con dúas mestras especialista en Audición e Linguaxe (AL) a tempo completo, 1 definitiva no centro e 1 provisional. O horario sufriu varias modificacións ao longo do curso en base ás novas necesidades detectadas e á evolución que tivo o alumnado.

Os apoios por parte das mestras especialistas en AL leváronse a cabo en dúas modalidades:

Apoios fóra da aula de referencia (individualmente).

Apoios dentro da aula de referencia (individualmente ou en pequeno grupo).

A decisión na asignación e agrupamento, así como a modalidade de apoio a realizar foi adoptada de forma conxunta polo Departamento de Orientación, escoitadas tamén as mestras titoras, e coa conformidade da Dirección do centro.

#### ALUMNADO ATENDIDO

Mestra de Audición e Linguaxe: M<sup>a</sup> Cristina Cortés Miranda

ALUMNADO	CURSO	NEAE	INTERVENCIÓN	DURACIÓN
Alumno 1	5ºEI	NEAE asociadas a trastornos da linguaxe	Reforzo na aula de AL	Xaneiro-xuño
Alumno 2	5º EI	NEAE asociadas a trastornos da linguaxe	Reforzo na aula de AL	Xaneiro- xuño
Alumno 3	5º EI	NEAE asociadas a dificultades na linguaxe	Reforzo na aula ordinaria/AL	Setembro/ xuño
Alumno 4	5º EI	NEAE asociadas a dificultades na linguaxe	Reforzo na aula ordinaria/AL	Setembro/ xuño
Alumna 5	5º EI	NEAE asociadas a dificultades na linguaxe	Reforzo na aula ordinaria/AL	Setembro/ xuño
Alumno 6	6º EI	NEE asociadas a TEA	Reforzo na aula ordinaria	Setembro- xuño
Alumno 7	1º EP	NEE asociadas a Síndrome de Down	Reforzo na aula de AL	Setembro-Xuño
Alumno 8	1º EP	NEAE asociadas a descoñecemento grave la lingua de aprendizaxe	Reforzo na aula de AL	Setembro-marzo
Alumno 9	3º EP	NEE asociadas a TEA	Reforzo na aula de AL	Setembro-Xuño
Alumno 10	6ºEP	NEE asociadas a TEA	Reforzo na aula ordinaria	Setembro-xuño
Alumno 11	6ºEP	NEE asociadas a TEA	Reforzo na aula de AL/ordinaria	Setembro-xuño
Alumno 12	6ºEP	NEAE asociadas a dificultades do aprendizaxe	Reforzo na aula de AL	Setembro-xuño

Ademais comezouse a valoración da linguaxe no entorno natural da aula a 3 nenas/os en 4º de EI que precisarán de apoio educativo para o vindeiro curso, así como dous nenos na aula de 5º de EI que precisan apoio a nivel fonético pola distorsión que presentan na fala e repercuten directamente no seu desenvolvemento curricular e interacción social.

Mestra de Audición e Linguaxe: Lucía Cazás Rosende

ALUMNADO	NIVEL	NEAE	INTERVENCIÓN	DURACIÓN
Alumno 1	2	NEE asociado a posible TEA/TEL	Reforzo na aula de AL	Setembro-Xuño
Alumno 2	2	NEE asociado a TEA	Reforzo dentro na aula de AL	Setembro-Xuño
Alumna 3	2	NEE asociado a TEL	Reforzo na aula de AL	Setembro-Xuño
Alumno 4	2	NEAE asociada a dificultades da linguaxe expresiva	Reforzo na aula de AL	Setembro-Xuño
Alumno 5	2	NEE asociado a DI	Reforzo na aula de AL	Setembro-Xuño
Alumno 6	2	NEE asociada a trastorno global da aprendizaxe moderado	Reforzo na aula de AL	Setembro-Xuño
Alumno 7	2	Dislalia	Reforzo na aula de AL	Febreiro-Xuño
Alumno 8	2	Dislalia	Reforzo na aula de AL	Febreiro-Xuño
Alumno 9	2	NEAE por dificultades de aprendizaxe	Reforzo na aula ordinaria	Abril-Xuño
Alumna 9	3	NEE asociada a Síndrome Floating-Harbor	Reforzo en aula de AL	Setembro-Xuño
Alumno 10	3	NEE asociada a TEA	Reforzo na aula de AL	Setembro-Xuño
Alumno 11	4	NEE asociada a atraso escolar, dificultades de aprendizaxe	Reforzo na aula de AL	Setembro-Xuño
Alumno 12	4	NEAE por dificultades de linguaxe expresiva	Reforzo na aula de AL	Marzo-Xuño
Alumno 13	6	NEE asociada a retraso global do desenvolvemento en contextoindrómico	Reforzo na aula de AL	Setembro-Xuño

### DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN. CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS

En relación ó Proxecto Educativo de Centro:

Participar na súa implementación, dende a realidade desta especialidade, asesorando e concretando as cuestións relacionados coa linguaxe e a comunicación fomentando a plena inclusión do alumnado. *Implementamos o uso dos comunicadores dinámicos, axendas e axudas visuais ampliando o seu uso en diferentes contextos.*

En relación á identificación das necesidades educativas do alumnado:

Prestar especial atención á prevención, detección e identificación temperá das NEAE (mediante o contacto directo coa orientadora, coas titoras, e as familias). *Neste caso detectáronse alumnado con NEAE en educación Infantil.*

Colaborar na valoración das NEAE do alumnado en relación cos aspectos curriculares da área de linguaxe.

Colaborar na proposta ou realización das axudas precisas para o acceso do alumnado ó currículo ordinario.

*Participamos de xeito continuo e na axuda da elaboración das ACS e no proceso de avaliación na Competencia comunicativa e lingüística.*

Co profesorado:

Realizar encontros coas titorías para a información e asesoramento na detección e tratamento das necesidades desta especialidade.

Orientar as adaptacións necesarias que o proceso educativo do alumnado requira en tódolos aspectos referidos á linguaxe.

Participar na elaboración e revisión periódica das ACs no relativo aos obxectivos que desenvolven a competencia lingüística.

Colaborar igualmente na avaliación continua da Competencia Lingüística.

*Utilizamos diferentes canles para coordinar as diferentes actuacións, implementación de SAAC e propositar para traballar na aula e toma de decisión en canto a técnicas de modificación de conducta e desenvolvemento dos obxectivos propostos. Participando de xeito continuo no seguimento curricular dos alumnos*

Co alumnado:

Favorecer o desenvolvemento da Competencia lingüística (oral e escrita) para fomentar a evolución de ensino- aprendizaxe e a socialización do alumnado na vida diaria.

Prever as posibles alteracións da linguaxe.

Intervir naquelas alteracións detectadas

Elaborar programas específicos de intervención de A.L.



*Utilizamos o apoio dentro de aula ordinaria sempre que é posible e xeneralizamos nesta as aprendizaxes traballadas na aula de AL. En ocasións, debido á natureza das NEAE, as intervencións son realizadas na aula específica de AL a tempo completo e as coordinacións coas titoras e familias permítennos trasladar esas aprendizaxes á vida diaria.*

*Coas familias:*

Mantivemos diferentes reunións coas familias dos alumnos e alumnas con NEAE orientando e informando do proceso de ensino aprendizaxe, os nosos obxectivos e formar de colaborar neste proceso.

Estivemos a disposición das necesidades ou cuestións que as familias manifesten na atención dos seus fillos e fillas.

Co Departamento de Orientación:

Establecemos relacións de coordinación na detección, avaliación e intervención.

*Colaboramos na elaboración e desenvolvemento de material e programas específicos relacionados coa comunicación e a linguaxe.*

*Cos axentes externos:*

*Establecemos canles de comunicación cos axentes externos (EOE, CAFI, gabinetes psicopedagóxicos,...) cando se nos requeriu.*

## **VALORACIÓN GLOBAL**

*A valoración da repercusión das medidas de apoio en audición e linguaxe no alumno/a foi moi positiva.*

*A valoración da coordinación co profesorado titor e cos mestres da materia onde se realizou o apoio, é mellorable, pois falta tempo material para realizala en horario escolar.*

Os obxectivos marcados para cada un dos alumnos e alumnas no referido coa fala, comunicación e linguaxe foron acadados satisfactoriamente. Algúns deles seguen a estar en proceso pero o progreso ao longo do curso e a nivel global foi positivo.

*A aula multisensorial foi un recurso moi utilizado para algún deles e un apoio para atopar momentos de calma e traballar aspectos relacionados coa percepción visual, kinestésica e vestibular.*

### *DIFICULTADES ATOPADAS*

Falta de tempo para coordinación dos docentes implicados na atención e apoio ao alumnado NEAE.

Falta de formación para implementar programas de intervención en estimulación multisensorial e en sistemas de comunicación.

### *PROPOSTAS DE MELLORA*

*Mellorar a posta en común de necesidades, pois ao non contar con suficiente tempo de coordinación das diferentes especialistas do DO, dificulta a comunicación entre nós no referente ao desenvolvemento das diferentes funcións.*

*Establecer unha maior coordinación coas mestras titoras determinando un horario concreto.*

Mellorar aspectos concretos da aula multisensorial que aínda non están en funcionamento, para un uso máis activo.

Formación en estimulación multisensorial e en comunicación natural asistida, tema que as familias demandan para mellorar o uso dos comunicadores cos seus fillos, sen linguaxe oral.

### *POSIBLES ACTUACIÓNS DE CARA AO VINDEIRO CURSO*

*Atender ás novas NEAE detectadas cara ao fin de curso e que non poideron ser atendidas.*

Atender a aquel alumnado que se considera que precisa máis horas de AL por dificultades de linguaxe.

Continuar con alumnado con NEAE co que estamos a traballar este curso.

Seguir implementando sesións de intervención na aula multisensorial e mellorar aspectos organizativos (horarios, material, recunchos...)

*Participación en formación na atención á diversidade, para levar a cabo na práctica docente.*



## **6.3.- PLANS E PROXECTOS**

### **6.3.1.- PROGRAMAS DE ÉXITO EDUCATIVO**

#### **6.3.1.1.- CP Incluído**

##### *DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN. CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS*

Puxéronse en valor os intereses do alumnado de cada curso para fomentar o gusto polo traballo escolar, cunha metodoloxía participativa. Buscouse a implicación do alumnado como elemento motivador para prever o absentismo escolar, poñendo en valor as actividades innovadoras que o alumnado realizou, a través dun corto.

Fomentouse a aprendizaxe con experiencias significativas e cotiás do entorno persoal, familiar, social e cultural do entorno dos nenos e nenas, sementando a igualdade a través de distintas actividades escolares vinculadas a outros proxectos do centro.

Despois dunha dinámica de formación en mediación, tentouse favorecer o traballo colaborativo para a resolución pacífica dos pequenos conflitos a través da figura dos mediadores escolares. O alumnado de 6º curso realizou a súa labor no tempo de recreo e tiveron ao cargo ao alumnado de 5º curso, que o vindeiro curso desempeñará as tarefas de mediación.

Mantémonos na idea a metodoloxía integradora, facilitando que o alumnado con NEE poida sentirse capaz coas súas propias respostas motrices e coas súas diferenzas. Por unha banda a través de sesións de estimulación multisensorial co alumnado con discapacidade, e por outra banda coa implementación de espazos e xogos en zonas lúdicas, onde alumnado voluntario fixo de dinamizador facilitando xogos inclusivos. Comezamos por organizar xogos participativos alomenos unha xornada á semana nos recreos, coa creación dun taller de manualidades.

As actividades coas emocións foron a nivel de cada aula, para a creación de conciencia e regulación emocional, dando pe a distintas situacións en función de cada grupo aula. Como estratexia de estimulación emocional, empregamos como ferramenta o método HERVAT de Tomás Ortiz Alonso, desenvolto nas aulas de infantil, son 6 actividades vivenciadas que ademais despertan a atención: hidratación, equilibrio, respiración, visión, audición e tacto.

## VALORACIÓN GLOBAL

Estivo todo o centro implicado en maior ou menor medida nas distintas actuacións dos CP Inclúe, pois a inclusión é cousa de toda a comunidade educativa.

Valorar a implicación do alumnado nas actuacións nas que se pedía a súa voluntariedade, demostrando o seu compromiso e xestión.

## *DIFICULTADES ATOPADAS*

Segue sen conseguirse a implicación activa necesaria para que as actuacións se enmarquen nas distintas programacións anuais do centro, co compromiso da comunidade educativa.

Por outra banda, subliñar que foi un curso complicado, a coordinadora das distintas actuacións dos CP Innova e Inclúe causou baixa no primeiro trimestre e isto afectou ao desenvolvemento do programado, sumando tamén outras baixas intermitentes ao longo do curso, o que fixo que algunhas actuacións quedasen un tanto coxas ou fóra de lugar na programación anual.

## *PROPOSTAS DE MELLORA*

Compromiso para renovar a organización e xestión dos contratos programa, pois precisa unha renovación, unha nova visión que englobe as actuacións deseñadas na programación do centro coa implicación da comunidade educativa.

Parece necesario manter reunións para coordinar as actuacións que se propoñan para os contratos programa e poder facelas chegar ao resto da comunidade educativa nas reunións de equipos, ciclos... para remar na mesma dirección

## *POSIBLES ACTUACIÓNS DE CARA AO VINDEIRO CURSO*

Dar unha liña de continuidade a actuacións dos CPIoclúe que xa se veñen desenvolvendo enmarcadas en actividades funcionais do centro, para que non queden sen sentido unha vez que xa se instauraron nas rutinas cotiás do alumnado.

Por outra banda, apoiar proxectos innovadores e participativos que aúnan a distintas organización e institucións do entorno que rodea ao centro, traendo ou visitando distintas realidades do contorno no que vive o alumnado tan diverso co que contamos.



### 6.3.1.2.- CP Innova

#### *DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN. CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS*

Implementáronse os proxectos de innovación deseñados para cada curso, polo xeral no horario semanal acordado.

Afondouse na aprendizaxe dalgún ámbito de coñecemento competencial por medio de novas estratexias adquiridas a través da propia formación nas mesmas (PFPP).

Participación do alumnado de 3º ciclo en charlas e obradoiros para un bo uso das redes sociais, videoxogos e internet, así como formación en educación afectivo sexual, de xeito participativo e partindo das súas inquiredanzas.

Leváronse a cabo os programas de educación para a alimentación saudable e proxectos de danza e movemento nos cursos e nos horarios acordados, a través de formación e buscando a extensión á práctica cotiá.

Desenvolvéronse programas de educación sostible a través do coidado do noso horto e xardín escolar, de xeito participativo nos cursos e nos horarios acordados, vinculado a outros proxectos do centro.

Iniciouse a actualización de documentación do centro, de acordo ao plan de calidade, unificando o formato acordado para cada tipo de documentos dependendo da súa orixe e finalidade.

#### *VALORACIÓN GLOBAL*

Estivo todo o centro implicado en maior ou menor medida nas distintas actuacións dos CP Innova, pois son moitos os docentes que apostan pola innovación, sen perder de vista o fomento dos valores educativos.

Valorar a participación activa e o compromiso do alumnado, pois o fin último de cada actuación neste programa e que sexan actividades funcionais que desenvolvan a autonomía e a autoestima dos nenos e nenas do centro.

#### *DIFICULTADES ATOPADAS*

Foi difícil buscar a implicación activa da comunidade educativa e temos que conseguir que máis docentes e alumnos se sintan parte das actuacións dos contratos programas de xeito fluído e comprometido, sen forzar situacións.



Subliñar que foi un curso complicado, a coordinadora das distintas actuacións dos CP Innova causou baixa no primeiro trimestre e isto afectou ao desenvolvemento do programado, sumando tamén outras baixas intermitentes ao longo do curso, o que fixo que algunhas actuacións quedasen un tanto coxas ou fóra de lugar.

### *PROPOSTAS DE MELLORA*

A organización e xestión dos contratos programa precisa unha renovación, buscando a implicación e compromiso da comunidade educativa, baixo unha nova mirada.

Organizar na planificación de horarios, reunións para poñer en común actuacións deseñadas para os contratos programa e facelas chegar ao resto da comunidade educativa nas reunións de equipos, ciclos... para consensuar o planificado.

### *POSIBLES ACTUACIÓNS DE CARA AO VINDEIRO CURSO*

Dar continuidade a actuacións dos CP Inclúe que xa están enmarcadas en rutinas cotiás e funcionáis do centro, para que non queden deslavazadas unha vez que xa se instauraron na dinámica do centro.

Seguir coordinando as distintas actuacións e plans do centro baixo o fío condutor dun mesmo proxecto interdisciplinar do centro, impulsando a colaboración do maior número de docentes na búsqueda de actuacións inclusivas.

### 6.4.1.3.- DigitalWeek

#### *DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN. CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS*

A actividade consiste nunha estancia dende domingo á tarde a sábado á mañá no COMPLEJO OS PEARES-CENTRO DE INMERSIÓN LINGÜÍSTICA. Nela participaron 22 alumnos e alumnas.

Ten como obxectivo o desenvolvemento dun programa de Inmersión Lingüística en inglés durant o cal o alumnado realizará distintas actividades relacionadas coa contorna dixital, así como xogos, depostes, veladas e unha excursión.

Os obxectivos xerais da actividade son:

Mellora da competencia comunicativa en lingua inglesa.

Mellora da competencia dixital.

Mellora da autonomía.

Interacción entre mozos de distintas contornas escolares de Galicia.

#### *VALORACIÓN GLOBAL*

O alumnado participante gañou en comprensión oral, xa que todos os monitores e todas as explicacións eran dadas en lingua inglesa. Case todo o alumnado participante recoñeceu que teñen máis coñecementos e mellor comprensión do que eles mesmos crían.

#### *DIFICULTADES ATOPADAS*

Algunhas actividades non estaban pensadas para o alumnado con algún tipo de necesidade educativa, e os monitores non tiña coñecemento de todas as necesidades educativas que presentaba algún do alumnado participante.

### *PROPOSTAS DE MELLORA*

Esixir ao alumnado participante a usar tamén o idioma inglés para responder, algo que só facían os monitores nativos que realmente non entendían outro idioma.

### *POSIBLES ACTUACIÓNS DE CARA AO VINDEIRO CURSO*

Que o profesorado participante teña algún tipo de incentivo que son sexan as 20 horas de formación e a posibilidade de conciliar e que os fillos do profesorado tamén poidan participar na actividade.

## 6.4.2- PROXECTA +

### 6.4.2.1.- Proxectos de vida activa e deportiva: XOGADE

#### DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN. CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS

OBXECTIVOS	NON ACADADO	EN PROCESO	ACADADO
Previr o sedentarismo.		X	
Desenvolver habilidades sociais básicas que favorezan a inclusión.		X	
Fomentar a creatividade, principalmente a través do movemento. (Móvete +)			X
Aportar ferramentas para gozar de forma saudable dos tempos de lecer.			X
Favorecer a comprensión e aprendizaxe de diferentes actividades lúdico-motrices a través de pictogramas ou outros sistemas de comunicación.		X	
Convivir con alumnado doutros centros educativos participando en deportes variados (XOGADE)			X

#### VALORACIÓN GLOBAL

Bo nivel de participación da comunidade educativa.

#### DIFICULTADES ATOPADAS

O principal problema foi o tempo para coordinarnos cos docentes e poder traballar en aula co alumnado para que puideran crear o seu propio espazo de lecer.

#### PROPOSTAS DE MELLORA

Darlle tempo e espazo ao alumnado para crear un patio acorde ás súas inquedanzas.

#### POSIBLES ACTUACIÓNS DE CARA AO VINDEIRO CURSO

Que o alumnado describa, pinte, viva o espazo do que dispoñemos para adaptalo ás súas necesidades.

Buscar a maneira de integrar mais ao alumnado con n.e.e. nas actividades propostas.





Continuar coas actividades que están funcionando: manualidades, baile e ligas deportivas.

#### 6.4.2.2.- Donas de si

##### *DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN. CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS*

O grao de cumprimento dos obxectivos foi medio alto, sendo estes:

*Abordar os estereotipos de xénero, así como as actitudes e ideas que favorezan á relación de discriminación, aportando modelos alternativos que superen ditos prexuizos.*

Sensibilizar ao profesorado e familias sobre a necesidade de traballar, de maneira conxunta, para previr situacións de desigualdade e de violencia por razón de xénero. (Acadado)

Integrar e favorecer a participación de toda a comunidade educativa na labor coeducativa, facéndolles ver a necesidade da interacción para acadar a igualdade de xénero e o respecto pola diversidade. (Parcialmente acadado)

Desenvolver actividades variadas, lúdicas e motivadoras que visibilicen a importancia e necesidade da igualdade. (Acadado)

Coñecer e facer visible a labor da muller galega ao longo da historia e na actualidade nos diferentes ámbitos. (Acadado)

No referente ás actividades, foron tratadas dende unha perspectiva globalizadora, relacionándoas coas competencias básicas e cos obxectivos, contidos e criterios de avaliación previstos para a etapa de Educación Primaria. Foron as seguintes:

Vídeo para o 25N sobre os tipos de violencia que hai para o alumnado.

Carta para a muller máis importante da vida do alumnado.

Día de Rosalía: liña do tempo sobre a vida e obra da escritora.

Actividade do 8 de marzo: exposición de mulleres relevantes na historia.

Charlas a cargo de Cooperación Internacional con mulleres traballadoras do fogar.



Día das Letras Galegas: contacontos da vida e obra de Luisa Villalta

A igualdade non é planta dun día: rotulación de macetas colocadas diante do concello.

Visita dunha muller científica que traballar para Viaqua.

Entrevista a Desirée Vila, atleta paralímpica galega.

Día das Letras Galegas: realización das actividades propostas pola Consellería de Política Social e Igualdade e as unidades didácticas sobre mulleres galegas e do Seminario Galán.

### *VALORACIÓN GLOBAL*

En termos xerais, a valoración é positiva, existindo unha boa coordinación entre o profesorado participante.

### *DIFICULTADES ATOPADAS*

A coordinación cos diversos equipos do centro, como o de biblioteca ou o equipo de actividades extraescolares e complementarias para planificar as actividades.

### *PROPOSTAS DE MELLORA*

Maior implicación das familias nas actividades realizadas.

### *POSIBLES ACTUACIÓNS DE CARA AO VINDEIRO CURSO*

O equipo que conformou o programa Donas de Si deste curso, propuxo a creación dun "punto violeta" na biblioteca do centro, onde o alumnado poderá atopar contos, libros e xogos relacionados coa igualdade de xénero.

### 6.4.3.-VOZ NATURA.

#### *DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN. CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS*

Recoñecer a importancia do agro na nosa vida cotiá. **EN PROCESO**

Axudar dentro das notas posibilidades a mellorar a nosa contorna. **EN PROCESO**

Crear hábitos encamiñados á conservación do noso medio. **EN PROCESO**

Desfrutar das actividades realizadas. **ACADADO**

Crear un ambiente de traballo colaborativo. Adquirir hábitos saudables na alimentación. **EN PROCESO**

#### *VALORACIÓN GLOBAL*

En xeral a valoración foi boa, as actividades foron ben aceptadas e tiveron unha boa acollida por parte do alumnado.

#### *DIFICULTADES ATOPADAS*

A realización da maioría das actividades recaen sobre unha persoa, o que dificulta a realización das mesmas cando por motivos de horario esta persoa non pode estar pendente do desenvolvemento das mesmas.

#### *PROPOSTAS DE MELLORA*

Conseguir colaboradores entre o profesorado no próximo curso para repartir a carga de traballo.

#### *POSIBLES ACTUACIÓNS DE CARA AO VINDEIRO CURSO*

Continuación coa dinámica de coidado do entorno co composteiro.

Manter a relación co Centro de formación e experimentación de Segude para que nos guíen no cultivo do noso horto escolar.

Ampliar as actividades coa realización dun xardín vertical.

## 6.4.4.- CONVIVENCIA ESCOLAR

### 6.4.4.1.- MEDIACIÓN

#### *DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN. CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS*

Despois da formación inicial o curso pasado, este curso o alumnado voluntario de 6º curso de primaria pasou á parte máis activa e participativa, poñendo en práctica o aprendido para desempeñar as tarefas de mediadores escolares e dinamizadores no patio de recreo, velando pola inclusión de todo o alumnado.

O alumnado voluntario de 5º curso de primaria, seguiu a dinámica de formación en mediación e asígnouse como axudantes dos mediadores de 6º curso. A súa misión foi favorecer o traballo colaborativo de dinamización nas horas de lecer e axudar a facilitar a resolución pacífica dos pequenos conflitos entre os compañeiros e compañeiras.

Este curso constituíse no centro o equipo ACAE (equipo de actuación contra o acoso escolar integrado), coa instalación dun punto laranxa no centro que funciona como buzón onde o alumnado, desde o anonimato, pode trasladar situacións de acoso propias ou que perciba en terceiros.

#### *VALORACIÓN GLOBAL*

*Valorar que tanto a figura e funcións dos mediadores escolares como o funcionamento do punto laranxa, servirán para prevención do acoso escolar e reivindicar a "tolerancia cero" ante calquera conduta contraria á convivencia*

Resaltar a implicación e compromiso do conxunto do alumnado voluntario en mediación, que ademais conta coa referencia da coordinadora de benestar emocional e convivencia, que é a persoa orientadora do centro.

Ademais, temos un novo Protocolo educativo para a prevención, a detección e o tratamento do acoso e do ciberacoso escolar recentemente actualizado, onde se establece un procedemento de intervención ante os posibles casos que se coñezan por esta vía.

### *DIFICULTADES ATOPADAS*

Este curso, debido a distintas baixas por enfermidade, dificultouse o deseño e o desenvolvemento do plan de convivencia e o de benestar emocional, así como quedaron no aire as reunións da Comisión de Convivencia.

Tamén atrasouse a posta en marcha dos mediadores escolares, quedando reducida a súa actuación ao terceiro trimestre. O vindeiro curso será algo que hai que ter ao día desde o comezo de curso.

### *PROPOSTAS DE MELLORA*

O equipo ACAE e o de Convivencia, deberán estar formados por máis persoas que a orientadora do centro, buscando a implicación de docentes relacionados con plans do centro que fomenten a resolución pacífica de conflitos, a coeducación, a igualdade e o desenvolvemento emocional e saudable da comunidade educativa.

### *POSIBLES ACTUACIÓNS DE CARA AO VINDEIRO CURSO*

Continuar formando mediadores escolares e implementando as súas funcións desde principio de curso, tanto no patio de recreo como no transcurso da xornada escolar.

Dinamizar actuacións para previr o acoso e o ciberacoso escolar, con obradoiros e actuacións enmarcadas en programas desenvolto no centro e contextualizados no programación anual de aula.

## 7.- FORMACIÓN

### 7.1.- DOCENTE

Ao longo do curso, os docentes do CEIP Plurilingüe de Vite participaron en diferentes actividades de formación permanente a través das súas distintas modalidades tal e como reflectimos a continuación:

#### **CONGRESOS:**

- Internacional de Educación Inclusiva.
- Internacional de Observa\_Acción.
- Para coordinadoras e coordinadores de benestar e convivencia.

#### **SEMINARIO S2331037:**

Competencia didáctica:

- S2306052 – PFPP S2331032 Uso didáctico dos recursos audiovisuais e interactivos dos Polos Creativos (20 horas).

Competencia en educación inclusiva e coeducación:

- S2306053 – PFPP S2331033 Atendendo á diversidade (50 horas).
- S2301138 – PFPP S2331037 Introducción á lingua de signos (10 horas).

Competencia dixital.

- S2306061 – PFPP S2331037 EDixgal, ferramentas institucionais e outros programas educativos (20 horas).

#### **XORNADAS:**

- Formación para novas persoas coordinadoras de Polos creativos.
- Manexo e posibilidades dun plóter de corte.



- Transformación de centros educativos. Estratexias e proxectos innovadores.
- Galega de linguas estranxeiras.
- Atención á diversidade.
- Bibliotecas escolares de Galicia.
- Comunicación eficaz docente.
- A creación literaria e os seus autores. Encontros con escritores/as.
- Aproximación aos novos currículos.
- Formación Programa Acompaña.
- Formación Programa Acompaña II.
- Formación Programa Acompaña III.
- Formación Programa Acompaña IV.
- Normativa para a inclusión e a atención á diversidade.
- Formación do equipo de actuación contra o acoso escolar. Equipo ACAE.
- Equipos Directivos. Marco normativo aplicable para o desempeño das súas funcións no centro educativo.
- Equipos Directivos. Habilidades e destrezas para a xestión efectiva da comunidade educativa.
- Equipos Directivos. A xestión do centro docente como organización.
- Equipos Directivos. Como promover unha convivencia positiva no centro educativo.
- Equipos Directivos. Uso de ferramentas e aplicacións institucionais dos centros educativos.



### *CURSOS:*

- Ferramentas corporativas orientadas á xestión organizativa.
- Planificación do proceso de ensino e aprendizaxe a través de PROENS. Educación infantil e primaria.
- Prácticas de lectura e escritura con novos soportes e formatos.
- A prevención de condutas problemáticas e aditivas.
- Introducción á programación informática para o profesorado.
- A aula invertida.
- O pensamento visual (visual thinking) nas aulas.
- Deseño de espazos de aprendizaxe innovadores.
- Lingua de signos. Curso básico.
- Lingua de signos. Curso medio.
- Acreditación da competencia dixital docente no nivel B1.
- Acreditación da competencia dixital docente nas áreas 5 e 6 do nivel B1. Participantes: 1 mestra.
- Acreditación da competencia dixital docente no nivel B2.
- Acreditación da competencia dixital docente no nivel A2.
- Atención educativa do alumnado de altas capacidades intelectuais.
- Atención educativa ao alumnado con trastorno do espectro autista na aula.
- Descubrindo os nosos talentos. O equipo de innovación.





## 7.2.- ESCOLA DE NAIS E PAIS (ENAPA)

As familias do CEIP Plurilingüe de Vite participaron en diferentes charlas organizadas desde o Departamento de Orientación en coordinación coa ANPA do colexio e coa colaboración co Centro Autonómico de Formación e Innovación (CAFI).

As diferentes charlas versarán sobre as seguintes temáticas demandadas polas familias:

Charlas do 1º trimestre:

Novembro, "FACILITAR UNHA EDUCACIÓN SAUDABLE" con Rosa Álvarez Prada, psicóloga clínica do Plan Sociocomunitario de Vite.

Charlas do 2º trimestre:

Marzo, "COMUNICACIÓN EFECTIVA E ESCOITA ACTIVA SOBRE EDUCACIÓN AFECTIVO SEXUAL" e "HABILIDADES SOCIAIS COS NOSOS FILLOS E FILLAS E DISPOSITIVOS CONECTADOS" con Belén Montesa Lou, psicóloga e sexóloga.

Charlas do 3º trimestre:

Abril, "FACILITAR UNHA EDUCACIÓN SAUDABLE: COMPETENCIAS SOCIOEMOCIONAIS NUN MUNDO DIXITAL" con Rosa Álvarez Prada, psicóloga clínica do Plan Sociocomunitario de Vite

Maio, "TOLERANCIA Á FRUSTRACIÓN E APOIO CONDUTUAL NA ATENCIÓN Á DIVERSIDADE" con Carmen Márquez, directora técnica de autismo BATA.

### *PROPOSTAS DE MELLORA*

Darlle unha volta á organización destas charlas, pois implican unha inversión de tempo e recursos persoais que non se ven compensados coa escasa participación das familias, pese a traer formadores acordes ás súas peticións.

## 8.- ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES ORGANIZADAS POLA ANPA

### DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN. CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS

A programación das actividades faise en relación coas peticións das familias e máis o ofrecemento das empresas de tempo libre, baseandonos na nosa experiencia de anos anteriores tamén propoñemos algunhas actividades que tiveron éxito no pasado.

A continuación detállase cal foi a lista definitiva.

### ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

ACTIVIDADES	DÍA	HORA	PARTICIPANTES	VALORACIÓN
BALONCESTO	Luns	16:00/17:30	15	Moi positiva
SKATE	Martes	17:00/18:00	7	Moi positiva
MANUALIDADES	Luns e mércores	16:30/17:30	12	Moi positiva
PATINAXE	Martes e xoves	16:00/17:00	36	Moi positiva
TEATRO	Luns	16:30/18:30	22	Moi positiva
XADREZ	Luns	17:30/18:30	12	Moi positiva
ATLETISMO	Mércores e venres	16:00/17:00	26	Moi positiva
JUDO	Venres	16:00/17:00	11	Mellorable
TENIS DE MESA	Mércores	17:00/18:00	12	Moi positiva
BAILE MODERNO	Mércores e venres	16:30/17:30	17	Moi positiva
ESGRIMA	Xoves	16:30/18:00	4	Moi positiva
ROBÓTICA	Xoves	16:30/18:00	10	Moi positiva

### ACTIVIDADES EN HORARIO LECTIVO

ACTIVIDADE	DATA	PARTICIPANTES	VALORACIÓN
MAGOSTO	Novembro	Comunidade educativa	Moi positiva
TEATRO NADAL	Decembro	Familias de todo o alumnado	Moi positiva
ENTROIDO	Febreiro	Familias de todo o alumnado	Moi positiva
FIN DE CURSO	Xuño	Comunidade educativa	Moi positiva

### ACTIVIDADES DE CONVIVENCIA

ACTIVIDADE	DATA	PARTICIPANTES	VALORACIÓN
PLANTACIÓN ÁRBORES	Maio	Comunidade educativa	Moi positiva
REALIZACIÓN DA ORLA	Maio	Comunidade educativa	Positiva
SAÍDA FIN DE ETAPA PRIMARIA	Xuño	Familias 6º EP	Moi positiva

### *DIFICULTADES ATOPADAS*

As actividades que manifestaron dificultades foron a actividade de ESCRIMA que sufriu un descenso de inscrición considerable e si esto non remite, non cremos que sexa sostible a actividade para o ano que ven. E a actividade de BALONCESTO que debido á falta de material (Canastas de minibasket) adecuado á idade dos menos participantes, vai causar baixa para o ano que ven.

Na actividade do magosto encontrámonos con que se desfixeron do noso Castañeiro, propiedade da ANPA, e tivemos moitísimas dificultades para poder realizar a nosa actividade para os menos, ademais das malas formas recibidas por parte do responsable de tal negligencia, algo imperdonable.

### *PROPOSTAS DE MELLORA*

Tentar conseguir máis inscritos en Esgrima para non ter que renunciar á actividade.

As actividades máis numerosas teremos que dividilas en dúas horas para facelas máis efectivas e levadeiras.

Continuar insistíndolle ó Concello para que instalen as canastas de minibasket tan necesarias para levar a cabo a nosa actividade.

Conseguir que se restitúa o castañeiro desaparecido.

Conseguir máis participación por parte do profesorado na plantación das Árbores e na figuración nas Orlas dos respectivos cursos.

### *POSIBLES ACTUACIÓNS DE CARA AO VINDEIRO CURSO*

- Aumentar unha actividade de convivencia no período de inverno.
- Propoñer actividades novas que se nos presentaron como innovadoras este curso.



## 9.- RESUMO CONTABLE

<b>INGRESOS: Gastos de funcionamento</b>	
04/05/2023	13.277€ (Consellería)
03/11/2023	5.691€ (Consellería)
20/12/2023	8.149€ (Consellería)
19/10/2023	366€ (ingreso para Dinamización Lingüística)
15/01/2024	3.500€ (ingreso para Programa CPInclúe)
09/01/2024	2.800€ (ingreso para Programa CPInnova)
09/01/2024	650€ (ingreso para SSBB e Centros Plurilingües)
16/11/2023	5.599,44€ (ingreso para Fondo Libros)
22/12/2023	250€ (ingreso para Plan Proxecta+)
27/10/2023	3.685,69€ (ingreso Seguro UFD)
01/12/2023	1.098,71€ (ingreso Achegas Saídas)
<b>INGRESO TOTAL</b>	<b>45.066,84€</b>

REMANENTE EJERCICIO ANTERIOR	28.203,72€ (31/12/2022)
------------------------------	-------------------------

<b>TOTAL DE INGRESOS</b>	<b>73.270,56€</b>
--------------------------	-------------------

<b>ESTADO DE GASTOS</b>	
Reparacións, mantemento e conservación	11.996,35€
Material de oficina	2.215,52 €
Subministracións	6.602,46 €
Comunicacións	50,00 €
Transporte	2.990,29€
Tributos	491 €
Gastos diversos	12.698,97 €
Mobiliario e utensilios inventariables	1.478,20 €
Outros materiais inventariables	7.969,01 €
<b>TOTAL DE GASTOS</b>	<b>46.491,80 €</b>

<b>INGRESOS</b>	<b>GASTOS</b>	<b>SALDO ABANCA (31/12/2023)</b>
<b>73.270,56€</b>	<b>46.491,80 €</b>	<b>19.068,79€</b>



## ORZAMENTO 2024

### INGRESOS:

Remanente 2023	26.983,99€
Ingresos 2024	20.667,00€
<b>Total</b>	<b>47.650,99€</b>

### GASTOS:

Reparación, mantemento e conservación	10.000,00 €
Material de oficina	4.500,00 €
Subministración	10.000,00 €
Comunicacións	150,00 €
Tributos	500,00 €
Transporte	1.000,00 €
Gastos diversos	7.000,00 €
Mobiliario e utensilios inventariables	1.000,00 €
Outros materiais inventariables	1.350,00 €
<b>Total</b>	<b>47.650,99 €</b>

### Gastos anuais desglosados por titorías/equipos:

15 Titorías	5.100,00 €
Orientación	2.000,00 €
Normalización	800,00 €
Biblioteca	2.850,99 €
Patios	300,00 €
Música	300,00 €
Inglés	300,00 €
Educación. Física/Psicomotricidade	300,00 €
Relixión	200,00 €

## BALANCE ECONÓMICO A 26/06/2024

### INGRESOS: Gastos de funcionamento

04/05/2024	20.667,00€
------------	------------

<b>REMANENTE EJERCICIO ANTERIOR</b>	26.983,99€
-------------------------------------	------------

<b>SALDO ABANCA (26/06/2024)</b>
22.035,25€

Esta Memoria Final do curso escolar 2023/2024 foi aprobada por unanimidade polo Claustro e polo Consello Escolar do CEIP Plurilingüe de Vite, en reunións que tiveron lugar o día 28 de xuño e 1 de xullo de 2024, respectivamente.

Vº e Prace:

A Directora do CEIP Plurilingüe de Vite

Asinado dixitalmente